

O RELEVO XERACIONAL NO SECTOR AGRARIO GALEGO;
RETOS E OPORTUNIDADES

DOCUMENTO 44 / 2025

EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS
FRANCISCO ÓNEGA LÓPEZ
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O RELEVO XERACIONAL NO SECTOR AGRARIO GALEGO; RETOS E OPORTUNIDADES

EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS

FRANCISCO ÓNEGA LÓPEZ

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

RESUMO EXECUTIVO

INTRODUCCIÓN

1. O RELEVO XERACIONAL NO SECTOR AGRARIO EN GALICIA; DATOS ESENCIAIS PARA SITUAR A CUESTIÓN

2. O CONTEXTO EUROPEO; ORIENTACIÓNS DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PAC)

3. MEDIDAS DE APOIO AO RELEVO XERACIONAL NO SECTOR AGRARIO GALEGO

4. RETOS, DIFICULTADES E OPORTUNIDADES PARA O RELEVO XERACIONAL NO SECTOR AGRARIO

BIBLIOGRAFÍA

RESUMO EXECUTIVO

A redución da man de obra no sector agrario e o envellecemento dos titulares de explotación fixeron que o relevo ou remuda xeracional no sector se convertera nos anos recentes nunha cuestión candente na Unión Europea, obxecto de crecente atención na axenda política sobre o futuro da agricultura e das áreas rurais. No caso galego trátase dunha cuestión moi relevante a medio prazo, desde diferentes puntos de vista: económico (futuro de Galicia como produtora de alimentos); social (para o tecido socioeconómico das áreas rurais); ambiental (conservación dos recursos naturais, a paisaxe e a biodiversidade); territorial (xestión do territorio e dos usos da terra nas distintas zonas da nosa xeografía).

Esas consideracións motivaron que o Foro Económico de Galicia dedicara a este tema a VIII Reunión Casal de Armán, celebrada en Santiago de Compostela o 27 de xuño de 2024. O presente documento trata de resumir o diagnóstico e recomendacións que se derivan da información dispoñible, así como das exposicións e debates na citada xornada.

O volume actual da man de obra no sector agrogandeiro galego limitase a unhas 50.000 persoas, logo de catro décadas dunha caída tardía e abrupta. A iso únese un forte envellecemento dos titulares de explotación, máis acusado que a media española e europea. Así, das algo máis de 75.000 persoas xefes de explotación contabilizadas en

Galicia polo Censo Agrario de 2020, só o 3,5% tiñan menos de 35 anos e o 8,7% de 35 a 44; mentres que a metade (48,3%) contaban con 65 ou máis anos e outro 23,4% estaban no intervalo de 55-64 anos. En conxunto, pois, o 71,7% das persoas á fronte dunha explotación estaban próximas ou xa superaban a idade de xubilación. Este dato constitúe unha boa aproximación á intensidade que presenta o problema do relevo xeracional no sector.

Iso acompañouse dun proceso de concentración e especialización das explotacións, que orixinou unha crecente diferenciación por estratos de tamaño e no plano territorial. Ao tempo, as formas societárias, con presenza significativa de man de obra asalariada, foron gañando peso. Esas transformacións fixeron que o núcleo do sector agrario galego se teña concentrado en poucas comarcas e que o modelo tradicional de sucesión familiar sexa hoxe insuficiente para asegurar taxas de relevo axeitadas.

A cuestión do relevo xeracional na agricultura, especialmente problemática en Galicia, é común a boa parte da UE. Por iso ten sido obxecto de atención na Política Agraria Común (PAC) desde fai décadas, aínda que só foi gañando importancia política co paso do tempo, especialmente no último decenio. Por outro lado, comparado coa evolución do discurso político, os cambios nos instrumentos de apoio ao relevo aplicados na práctica teñen sido

máis modestos e cun impacto limitado. Aínda así, as medidas de apoio ao relevo xeracional da PAC si tiveron un impacto positivo, sobre todo en certas áreas da UE.

Ao lado da sucesión familiar clásica, nos últimos anos asistimos en Europa a unha atención crecente aos chamados “novos entrantes”, aquelas persoas que se incorporan á actividade agraria como titulares de explotación, sen facelo na explotación familiar e, na maioría dos casos, sen antecedentes familiares próximos no sector. A renovación xeracional esixe tanto que os mozos de orixe agraria sigan nesta vía profesional como que novos entrantes (new comers) se animen a incorporarse ao sector. Nese senso, as medidas de renovación xeracional no marco da PAC non foron até agora, en xeral, adecuadas para apoiar esta segunda vía.

A PAC vixente no actual período 2023-2027 inclúe o relevo xeracional como un dos nove obxectivos prioritarios. Ademais, acorde co “novo modelo de aplicación” desta política, baseado nos plans estratéxicos da PAC, enfatiza a necesidade de abordar este obxectivo cun enfoque integral, no que se coordinen as diferentes medidas financiadas pola PAC e tamén outros mecanismos e instrumentos a nivel estatal ou rexional, que son decisivos para apoiar o relevo en aspectos clave (por exemplo, o acceso á terra). Esta nova visión está a incorporarse en España, coa elaboración da Estratexia de

relevo xeracional para o sector agrario no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 de España (PEPAC).

Tamén en Galicia comezan a darse pasos nesa dirección. Despois de décadas sen un impulso político e un enfoque global do apoio ao relevo xeracional no sector, salvo pequenas excepcións, nos últimos anos estanse a impulsar iniciativas relevantes, ao menos potencialmente. Así, como parte do proceso de elaboración do PEPAC 2023-2027, a Consellería do Medio Rural definiu unha estratexia de intervención no medio rural no horizonte de 2030. Redactada en 2021 co apoio da Universidade de Santiago de Compostela, a estratexia estableceu oito liñas estratéxicas, sendo a terceira o “Impulso ao relevo xeracional na agricultura”. O apoio ao relevo articulábase a través de catro subliñas: acceso á terra e/ou a explotacións agrarias; apoio á instalación e á creación de empresas agrarias; formación, tutorización e asesoramento; sensibilización e información.

As novidades máis salientables postas en marcha polo de agora nese marco son: i) algúns dos instrumentos regulados pola Lei 11/2021 de Recuperación da Terra Agraria de Galicia, como o Banco de Explotacións, coas “axudas á cooperación para a sucesión” como complemento; ii) o reforzo do apoio á instalación, cunha nova liña para persoas de 40 a 55 anos; iii) diversas accións para o reforzo do sistema de coñecemento e innovación

agraria relacionado co apoio ao relevo, por exemplo mediante os programas de tutorización ás persoas que se incorporan por parte dos servizos técnicos das Oficinas Rurais.

Esas medidas e outras moitas pendentes son fundamentais para abordar as barreiras que dificultan o relevo xeracional no noso sector agrario. Unhas barreiras ou condicionantes que, como se puxo de manifesto na VIII Reunión Casal de Armán, son moi diversos e in-

clúen, entre outros, aspectos sociais, o acceso ao coñecemento e formación e o acceso á terra. Estes e outros condicionantes da remuda xeracional no sector foron debatidos durante a xornada, contando coa participación de técnicos da Consellería do Medio Rural, de persoas expertas nas diferentes cuestións e con mozos e mozas instalados recentemente en explotacións agrarias de diferentes sectores e comarcas da xeografía galega.

INTRODUCCIÓN

A redución da man de obra no sector agrario e o envellecemento dos titulares de explotación fixeron que o relevo ou remuda xeracional no sector se converteran nos anos recentes nunha cuestión candente na Unión Europea, obxecto de crecente atención na axenda política sobre o futuro da agricultura e das áreas rurais. Esta cuestión ten especial relevancia en Galicia, como mostra o feito de que, das 75.400 explotacións contabilizadas polo Censo Agrario de 2020, só o 3,5% tiñan á súa fronte unha persoa menor de 35 anos, mentres que case a metade (48,3%) estaban dirixidas por un titular con 65 ou máis anos, que xa alcanzaran a idade de xubilación.

O relevo xeracional na agricultura é un proceso complexo, no que interveñen factores moi diversos. Entre eles están, obviamente, os condicionantes económicos (tamaño e rendibilidade das explotacións, estabilidade dos ingresos, acceso ao financiamento). Pero tamén outros elementos esenciais: instrumentos para o acceso á terra; dotación de servizos e calidade de vida da poboación nas áreas rurais; conexión co sistema educativo e mecanismos de aconsellamento e tutorización para as persoas que se incorporan ao sector; factores sociais e culturais (valoración social da actividade agraria, relacións entre xeracións dentro das familias dos agricultores).

Por outro lado, trátase dunha cuestión moi relevante a medio prazo, desde diferentes puntos de vista: económico (futuro

da actividade agraria e do papel de Galicia como produtora de alimentos); social (para o tecido socioeconómico das áreas rurais); ambiental (conservación e xestión dos recursos naturais, a paisaxe e a biodiversidade); territorial (xestión do territorio e dos usos da terra nas distintas zonas da xeografía galega).

Esas consideracións motivaron que o Foro Económico de Galicia dedicara a este tema a VIII Reunión Casal de Armán, celebrada en Santiago de Compostela o 27 de xuño de 2024. A Xornada, coordinada polos autores deste documento, organizouse nas sesións e cos participantes que se indican a continuación, contando ademais coa contribución aos debates doutros axentes relevantes do sector.

O presente documento é responsabilidade exclusiva dos autores. Pero nel tratamos de incorporar as achegas realizadas durante a Xornada, especificando cando proceda a autoría desas achegas. O documento está organizado en catro apartados:

1. O relevo xeracional no sector agrario en Galicia; datos esenciais para situar a cuestión.
2. O contexto europeo; orientacións da Política Agraria Común (PAC).
3. Medidas de apoio ao relevo xeracional no sector agrario galego.
4. Retos, dificultades e oportunidades do relevo xeracional no sector agrario.

PROGRAMA DA VIII REUNIÓN CASAL DE ARMÁN: O RELEVO XERACIONAL NO SECTOR AGRARIO GALEGO; RETOS E OPORTUNIDADES (SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27 DE XUÑO DE 2024)

Sesión 1. O relevo xeracional no sector agrario galego. Situación actual, perspectivas e cuestións para o debate. Francisco Ónega López; Edelmiro López Iglesias. Universidade de Santiago de Compostela.

Sesión 2. As vías para o relevo xeracional no sector e os mecanismos de apoio das políticas públicas. Juan M. Martínez Barral. Subdirector Xeral de Planificación de Extensión Agraria. Nicasio Mejuto Martí. Subdirector Xeral de Explotacións Agrarias. Consellería do Medio Rural.

Sesión 3. Condicionantes e elementos chave para o relevo xeracional. Mesa redonda na que se abordaron as oportunidades para o relevo xeracional nas principais producións agrarias, os aspectos sociais e culturais do relevo xeracional, a capacitación e conexión co sistema educativo, o acceso á terra e o acceso ao financiamento.

Ponentes: José Manuel Andrade, Fundación Juana de Vega. Rocío Toxo Aso-rei, Universidade de Santiago de Compostela. Luis García, Escola de Formación Agraria (EFA) Fonteboa. Nieves Pérez, Proxecto TERRACTIVA. Ignacio Pérez Cid, ABANCA.

Sesión 4. A visión dos protagonistas: experiencias recentes de relevo/instalación en explotacións agrarias. Mesa redonda con cinco ponentes, instalados recentemente en diferentes ramas agrarias e zonas da xeografía galega: Antón Chaín Murado, vacún de leite (A Pastoriza); Tania Rancaño Arruñada, vacún de carne (A Fonsagrada); Marcos Nogueiras Rodríguez, producións vexetais (Vilar de Santos); Yolanda Gómez Rodríguez, cabrún de carne (Becerreá); Ignacio Bellas Castro, produción mixta (froiteiras, viveiro, ovino, mel) (San Sadurniño).

1. O RELEVO XERACIONAL NO SECTOR AGRARIO EN GALICIA; DATOS ESENCIAIS PARA SITUAR A CUESTIÓN

1.1. A TARDÍA E ABRUPTA REDU- CIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NO SECTOR AGRARIO GALEGO DESDE A INTEGRACIÓN NA UE

Para situar o tema, o primeiro a destacar é a fortísima caída da man de obra agraria en Galicia nas últimas 4 décadas, desde a integración na UE. Unha caída tardía e moi abrupta (López Iglesias, 2019). Nos anos 1980 e 1990 o debate en Galicia centrábase aínda no “exceso de poboación ocupada na agricultura” e a súa necesaria redución. Vista a evolución posterior, hai xa algún tempo que cabe preguntarse se non “nos pasamos de frenada”.

No momento da integración na UE a poboación ocupada no sector agrario superaba en Galicia o 40% do total, cifra anormalmente alta no contexto europeo e español. Partindo diso, a realidade mudou por completo nas 4 últimas décadas:

- Segundo a Enquisa de poboación activa, o número de persoas ocupadas no sector reduciuse no período 1985-2024 en case un 90%, de 415.000 a 53.800; unha caída moito máis intensa que a rexistrada durante este período en España (-60%) (cadro 1).
- A tendencia é similar tomando os datos dos censos agrarios: o número de Unidades de Trballo Ano (UTA) empregadas nas explotacións agrarias (que nos indica a cifra de traballadores equi-

valentes a tempo completo nestas unidades produtivas) diminuíu no período 1982-2020 nun 83,6% (de case 290.000 a menos de 50.000) (cadro 2).

A consecuencia é que o volume actual da man de obra no sector límitase a unhas 50.000 persoas, variando só lixeiramente a cifra exacta segundo a fonte estatística: 53.800 ocupados/as con actividade principal no sector da agricultura, gandería e silvicultura de acordo coa EPA en 2024; 36.700 afiliados/as á Seguridade Social nestas mesmas actividades; 47.400 UTA nas explotacións agrarias (sen a silvicultura) segundo o Censo Agrario de 2020 (cadros 1, 2 e 3).

Afinando máis a análise, si hai que indicar que esas tres fontes estatísticas difiren no diagnóstico sobre a dinámica recente, a rexistrada nos últimos 15 anos. As estimacións da EPA apuntan a que o descenso da poboación ocupada no sector agrario galego se ralentizou de forma clara a partir da crise económica de 2008-2013. E o que constitúe o feito máis chamativo: ese freo deixou paso a unha estabilización aproximada do seu volume, mesmo un lixeiro incremento, na última década, no período 2015-2024 (cadro 1). Os datos das afiliacións á Seguridade Social confirman unha inflexión no último decenio pero non tan marcada: o número de traballadores/as no sector agrario seguiu diminuindo de forma continua; se ben o ritmo desa diminución mostra un claro freo a partir de 2014-2015, de tal

CADRO 1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NO SECTOR AGRARIO EN GALICIA E EN ESPAÑA 1985-2024

	GALICIA		ESPAÑA	
	Número (miles)	Índices (1985=100)	Número (miles)	Índices (1985=100)
1985	415,1	100,0	1.829,6	100,0
1995	223,9	53,9	1.040,1	56,8
2008	69,8	16,8	779,4	42,6
2009	67,0	16,1	745,5	40,7
2010	66,0	15,9	749,1	40,9
2011	64,8	15,6	721,3	39,4
2012	59,3	14,3	703,5	38,5
2013	56,3	13,6	699,3	38,2
2014	49,1	11,8	702,4	38,4
2015	45,6	11,0	705,0	38,5
2016	49,2	11,9	738,0	40,3
2017	55,4	13,3	778,8	42,6
2018	52,3	12,6	772,9	42,2
2019	49,9	12,0	758,1	41,4
2020	49,4	11,9	723,9	39,6
2021	48,5	11,7	782,4	42,8
2022	50,6	12,2	760,8	41,6
2023	54,6	13,2	731,4	40,0
2024	53,8	13,0	719,9	39,3

Fonte: INE e IGE, Enquisa de poboación activa.

CADRO 2. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE UTA NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS. GALICIA 1982-2020

	1982	1989	1999	2009	2020	Variación 1982-2020
Nº de UTA	288.709	199.561	144.704	87.433	47.438	-83,6%
Índices, base 1982=100	100,0	69,1	50,1	30,3	16,4	

UTA: unidades de traballo ano.

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Censo Agrario 2020 e microdatos dos censos agrarios.

CADRO 3. EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL NO SECTOR AGRARIO GALEGO 2009-2024

	NÚMERO DE AFILIACIÓNS			VARIACIÓN ANUAL	
	01 Agricultura, gandaría	02 Silvicultura e explotación forestal	01+02 Agricultura, gandaría e silvicultura	01 Agricultura, gandaría	01+02 Agricultura, gandaría e silvicultura
2009	50.669	3.453	54.122		
2010	47.513	2.987	50.500	-6,2%	-6,7%
2011	45.184	3.012	48.196	-4,9%	-4,6%
2012	43.315	2.837	46.152	-4,1%	-4,2%
2013	41.400	2.902	44.302	-4,4%	-4,0%
2014	40.487	3.217	43.704	-2,2%	-1,3%
2015	39.677	3.688	43.365	-2,0%	-0,8%
2016	38.544	3.835	42.379	-2,9%	-2,3%
2017	37.645	4.112	41.757	-2,3%	-1,5%
2018	36.926	4.503	41.429	-1,9%	-0,8%
2019	36.104	4.540	40.644	-2,2%	-1,9%
2020	35.286	4.589	39.875	-2,3%	-1,9%
2021	34.594	4.726	39.320	-2,0%	-1,4%
2022	33.389	4.795	38.184	-3,5%	-2,9%
2023	32.722	4.923	37.645	-2,0%	-1,4%
2024	31.758	4.917	36.675	-2,9%	-2,6%

Fonte: Instituto Galego de Estatística.

modo que de taxas anuais superiores ao 4% nas tendencias previas pasamos a taxas ao redor do 1,5%/2% no último decenio (cadro 3). O freo recente da caída da man de obra no sector non é confirmado, en cambio, polas cifras dos censos agra-

rios: segundo esta fonte, o número de UTA empregadas nas explotacións agrarias seguiu rexistrando no período 2009-2020 unha intensa redución (-45,7%), a un ritmo similar ao anterior período intercensal 1999-2009 (-39,6%) (cadro 2).

1.2. MUDANZAS NA COMPOSICIÓN DA MAN DE OBRA AGRARIA

A abrupta redución da man de obra agraria acompañouse dun efecto inevitable: o crecente envellecemento dos que permanecen no sector. Así, da poboación ocupada no sector agrario galego en 2024 un terzo ten 55 ou máis anos, mentres que os menores de 35 anos supoñen só o 15,7%, menos da metade dos que están próximos ou xa superan a idade de xubilación. Ao lado dese envellecemento, cabe destacar nas décadas recentes outros dous fenómenos (cadro 4):

- Un certo proceso de masculinización: a porcentaxe da man de obra feminina diminuíu do 44% en 2015 ao 40% en 2024.

- O forte aumento do peso da man de obra asalariada, que se derivou da confluencia de tres factores: a concentración en explotacións de maior dimensión (física e económica); a expansión das unidades produtivas con formas xurídicas; e a redución dos membros da familia que traballan en cada explotación.

Deste modo, na actualidade o traballo

CADRO 4. COMPOSICIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NO SECTOR AGRARIO EN GALICIA, 2015 E 2024 (MILES DE PERSOAS E PORCENTAXES)


	2015	2024
Homes	25,5	32,4
Mulleres	20,1	21,4
Total	45,6	53,8
% de mulleres	44,1%	39,8%
Distribución por idades (%)		
16 a 24 anos	3,1%	4,5%
25 a 34 anos	13,4%	11,2%
35 a 44 anos	22,6%	21,6%
45 a 54 anos	31,1%	29,7%
55 e máis anos	29,6%	33,3%
Total	100,0%	100,0%
Ocupados por situación profesional (miles)		
Empresario con asalariados	2,6	3,8
Empresario sen asalariados	26,3	29,9
Membro dunha cooperativa	0,8	0,3
Axuda na empresa familiar	3,0	1,4
Asalariado do sector público	1,3	3,1
Asalariado do sector privado	11,6	15,4
Total	45,6	53,8
% de asalariados	28,3%	34,4%

Fonte: INE e IGE, Enquisa de poboación activa.

asalariado supón o 34,4% do total segundo os datos da EPA e o 26,1% segundo o Censo Agrario de 2020. Un peso relativo que aumenta co tamaño das explotacións, até aproximarse ou superar o 50% naquelas con máis de 30 hectáreas de superficie agraria (gráfico 1). Isto chama a atención sobre un feito non suficientemente salientado: o papel que está

adquirindo a man de obra asalariada no segmento máis profesional da nosa agricultura. Aínda que estes datos requiren un matiz: boa parte dos clasificados como asalariados son en realidade membros de explotacións que asumiron a forma de sociedade ou outra persoa xurídica (SAT, comunidade de bens) e seguen tendo un carácter esencialmente familiar.

GRÁFICO 1 -PORCENTAXE DE UTA ASALARIADAS SOBRE O TOTAL DAS UTA SEGUNDO A SAU DAS EXPLOTACIÓNS.GALICIA, ,CENSO AGRARIO 2020



Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Censo Agrario 2020.

1.3. ESTRUCTURA DAS EXPLOTACIÓNS: CONCENTRACIÓN, ESPECIALIZACIÓN E EXPANSIÓN DAS FORMAS XURÍDICAS

Como elementos de contexto hai que sinalar tres notas que definen os cambios

na estrutura das explotacións agrarias en Galicia nas últimas décadas: concentración, especialización e expansión das formas xurídicas (López Iglesias, 2019). Ímonos deter brevemente no primeiro e no último fenómeno.


Nestas décadas asistimos a unha cre-

cente concentración das explotacións, en termos físicos e sobre todo económicos, que ten levado a unha diferenciación interna no sector cada vez máis acusada. Por un lado, segue existindo un colectivo moi numeroso de pequenas unidades de produción, relevantes en termos sociais e pola súa contribución ao equilibrio territorial, pero que teñen un peso produtivo moi limitado. Ao mesmo tempo, foise consolidando un segmento de explotacións medianas e grandes, minoritarias en número pero que xeran a grande maioría da produción agraria.

Así, segundo o Censo Agrario de 2020, as unidades cunha produción anual inferior a 8.000 euros supoñen aínda preto

de 2/3 do total, pero xestionan menos do 20% da superficie agraria (SAU) e aportan só o 5% do valor económico do output (PET). Mentres que, no extremo contrario, as explotacións cunha produción anual igual ou superior a 50.000 euros son só o 12% (menos de 9.000 en cifras absolutas), mais concentran case a metade (46%) da SAU, o 83% da cabana gandeira (UG) e xeran o 80% da produción. Dentro deste conxunto destacan sobre todo aquelas cunha produción anual superior a 100.000 euros, que constitúen o núcleo central da nosa agricultura profesional: unhas 5.000 explotacións (apenas o 7%), pero que aportan case o 70% do output do sector (gráfico 2).

GRÁFICO 2. ESTRUCTURA DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS POR ESTRATOS DE DIMENSIÓN ECONÓMICA (VALOR DE PRODUCCIÓN ANUAL); PESO NAS PRINCIPAIS VARIABLES DO SECTOR. GALICIA 2020 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Censo Agrario 2020.

Ese proceso de concentración está en parte vinculado co papel crecente das explotacións baixo diferentes formas xurídicas (sociedades mercantís, Sociedades Agrarias de Transformación (SAT), comunidades de bens, cooperativas, ...). Das 75.500 explotacións contabilizadas en Galicia polo Censo Agrario de 2020,

o 95% teñen titular persoa física. Pero aquelas pertencentes a persoas xurídicas alcanzan xa un peso notable: son só o 5% en número, pero xestionan 1/4 da SAU, contan co 45% da cabana gandeira e xeran o 43% da produción agraria, unhas porcentaxes similares á media española (cadro 5).

CADRO 5. EXPLOTACIÓNS SEGUNDO A PERSONALIDADE XURÍDICA DO TITULAR. GALICIA E ESPAÑA 2020

	Nº de explotacións		SAU (ha)	
	España	Galicia	España	Galicia
Persoa física	855.548	71.374	18.314.322	457.545
Persoa xurídica	59.323	4.077	5.599.361	140.448
-Sociedades mercantís	35.201	908	3.359.216	19.592
-Outra condición xurídica	24.122	3.169	2.240.145	120.856
Total	914.871	75.451	23.913.682	597.993
% persoa xurídica	6,5%	5,4%	23,4%	23,5%
% sociedades mercantís	3,8%	1,2%	14,0%	3,3%
	UGT		PET (miles euros)	
	España	Galicia	España	Galicia
Persoa física	8.483.864	753.595	26.710.309	1.290.627
Persoa xurídica	8.081.340	610.184	17.844.717	952.037
-Sociedades mercantís	5.538.191	152.654	12.390.800	244.350
-Outra condición xurídica	2.543.149	457.530	5.453.917	707.687
Total	16.565.204	1.363.779	44.555.026	2.242.663
% persoa xurídica	48,8%	44,7%	40,1%	42,5%
% sociedades mercantís	33,4%	11,2%	27,8%	10,9%

SAU (Superficie Agraria Utilizada); UGT (Unidades Gandeiras Totais); PET (Producción Estándar Total)
Fonte: INE, Censo Agrario 2020.

Trátase dun fenómeno que, ademais da influencia na dinámica recente do sector, ten relevancia para a organización do relevo xeracional. A xestión das explotacións a través dunha figura xurídica pode facilitar un relevo extrafamiliar e tamén pode axudar a organizar o proceso de relevo (ao posibilitar a transmisión da xestión da explotación de forma conxunta ou separada da propiedade).

1.4. ESTRUCTURA POR IDADES DOS XEFES DE EXPLOTACIÓN; O PROBLEMA DO RELEVO XERACIONAL

Como consecuencia das tendencias demográficas globais e da redución da man de obra no sector agrario, o envellecemento dos titulares de explotación e o problema de relevo xeracional na agricultura constitúe un fenómeno xeral na Unión Europea, pero con notables diferenzas entre países e rexións.

Nese contexto xeral, o envellecemento

dos titulares de explotación é especialmente acusado no caso galego. Concretamente, das 75.400 persoas xefes de explotación contabilizadas polo Censo Agrario de 2020, só o 3,5% (unhas 2.700) tiñan menos de 35 anos e o 8,7% de 35 a 44 anos. Mentres que case a metade (48,3%) contaban con 65 ou máis anos e outro 23,4% estaban no intervalo de 55-64 anos. En conxunto, pois, o 71,7% das persoas á fronte dunha explotación agraria estaban próximas ou xa superaban a idade de xubilación (cadro 6).

O envellecemento é máis acentuado nas mulleres, que supoñen en Galicia case a metade dos xefes de explotación: só o 1,5% delas teñen menos de 35 anos, mentres que o 52,5% contan con 65 ou máis anos. Se sumamos o intervalo de 55-64, obtemos que o 77,8% das xefas de explotación alcanzaban ou estaban próximas á idade de xubilación (cadro 6). Estes datos indican dúas cousas: a fenda de xénero que persiste no sector, que se

CADRO 6. DISTRIBUCIÓN POR SEXOS E IDADES DOS/AS XEFES DE EXPLOTACIÓN AGRARIA. GALICIA 2020

	Número			Distribución en %		
	Ambos sexos	Home	Muller	Ambos sexos	Home	Muller
< 25 anos	209	142	67	0,3%	0,4%	0,2%
25 a 34	2.444	1.963	481	3,2%	5,0%	1,3%
35 a 44	6.576	4.364	2.212	8,7%	11,1%	6,1%
45 a 54	12.163	6.855	5.308	16,1%	17,5%	14,6%
55 a 64	17.619	8.455	9.164	23,4%	21,6%	25,3%
>= 65 anos	36.439	17.424	19.015	48,3%	44,4%	52,5%
Total	75.451	39.204	36.247	100,0%	100,0%	100,0%


Fonte: INE, Censo Agrario 2020.

reflicte nun menor acceso das mozas á titularidade e xestión das explotacións; e a concentración da titularidade feminina nas idades elevadas, vinculada en parte á maior esperanza de vida das mulleres.

Máis alá das diferenzas de xénero, o envellecemento dos/as xefes de explo-

tación en Galicia é claramente maior que no conxunto da agricultura española. Os datos mostran unha porcentaxe moito maior aquí dos de 65 e máis anos (48,3% fronte a 41,3% en España), mentres que é menor o peso dos restantes grupos de idade, tanto dos mozos como das franxas

GRÁFICO 3. DISTRIBUCIÓN POR IDADES DOS/AS XEFES DE EXPLOTACIÓN EN GALICIA E ESPAÑA. CENSO AGRARIO 2020




Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Censo Agrario 2020.

centrais de idade adulta (gráfico 3).

Os datos por Comunidades Autónomas (CCAA) reforzan esa conclusión. Das 17 CCAA, Galicia é a segunda cun maior envellecemento das persoas xefes de explotación, só superada pola Comunidade Valenciana (onde a porcentaxe das de 65 ou máis anos alcan-

za o 50%). As 15 CCAA restantes rexistran cifras mellores que as galegas: un menor peso dos de 65 ou máis anos (até valores do 21%-30% en Cantabria, Asturias e o País Vasco, fronte ao 48% en Galicia); e unha maior porcentaxe de xefes con menos de 45 anos (até cifras do 18%-26% nas tres CCAA do norte

GRÁFICO 4. IDADE DOS/AS XEFES DE EXPLOTACIÓN. DATOS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS 2020



Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Censo Agrario 2020.

citadas, fronte ao 12% no caso galego) (gráfico 4). Polo tanto, se o envellecemento das persoas xefes de explotación é un problema xeral na agricultura española, este alcanza en Galicia unha intensidade especialmente elevada, claramente superior á media e entre as máis altas das 17 CCAA.

En rigor, hai que precisar que a distribución por idades dos xefes de explotación non só está condicionada pola existencia ou non de relevo xeracional, senón que neses datos inflúe tamén o


maior ou menor retardo co que se produce a transmisión da titularidade a un sucesor; un proceso afectado por factores sociolóxicos, referidos ás relacións entre xeracións no agro. Porén, na actualidade non existen motivos para pensar que esta transmisión sexa en Galicia máis tardía que noutros territorios. Polo tanto, a distribución por idades dos titulares constitúe unha boa aproximación á intensidade que presenta o problema do relevo xeracional no sector.

1.5. DIFERENZAS SEGUNDO A DIMENSIÓN DAS EXPLOTACIÓNS E POR ORIENTACIÓNS PRODUTIVAS

As cifras globais que acabamos de expoñer para Galicia esconden grandes diferenzas en función da dimensión económica das explotacións. A porcentaxe das que teñen á súa fronte un xefe de 65 ou máis anos alcanza case o 70% nas máis pequenas, aquelas cunha produción anual inferior a 2.000 euros. Mentres que esa porcentaxe redúcese fortemente a medida que se eleva o tamaño, até situarse en torno ao 10% nas que superan os 50.000 euros. O contrario sucede co peso dos agricul-

tores mozos e, en xeral, de todos os grupos por baixo de 55 anos. En concreto, os xefes menores de 45 anos supoñen só o 5,1% nas explotacións cunha produción por baixo de 2.000 euros, elevándose esta porcentaxe co tamaño até valores superiores ao 30% naquelas por encima dos 100.000 euros. E algo similar conségtase para o grupo de 45-54 anos: o seu peso ascende desde o 9,7% nas explotacións máis pequenas até cifras ao redor do 30% nas que xeran un output superior a 50.000 euros. Finalmente, tamén a porcentaxe dos situados no intervalo 55-64 anos aumenta co tamaño, se ben con dous matices: o incremento do seu peso é

GRÁFICO 5. DISTRIBUCIÓN POR IDADES DOS/AS XEFES DE EXPLOTACIÓN SEGUNDO O TAMAÑO ECONÓMICO DAS EXPLOTACIÓNS (PRODUCCIÓN EN EUROS). GALICIA 2020



Fonte: INE, Censo Agrario 2020.

menos marcado, e este redúcese nos estratos por encima de 100.000 euros. A modo de síntese, cabe destacar dúas conclusións: o envellecemento é menor canto maior a dimensión das unidades produtivas; esa correlación dáse sobre todo até o limiar de 50.000 euros de produción anual (gráfico 5).

Como cabería agardar, semella pois que a dimensión económica das explotacións, e polo tanto a súa capacidade para xerar unha renda adecuada, é un elemento esencial que condiciona a existencia de relevo xeracional. Porén, mesmo nos estratos de tamaño superiores (aqueles cunha produción anual por encima de 50.000 euros) o 40% das unidades produtivas (unhas 3.500 en cifras absolutas) están en mans de xefes con 55 ou máis anos; e, en concreto, no 10% (unhas 800) este alcanzou xa a idade de xubilación (gráfico 5). Polo tanto, a ausencia de relevo xeracional afecta tamén a un número non despreziable de medianas e grandes explotacións. Unha situación de especial gravidade, polos activos materiais destas unidades (construcións, maquinaria, gando, terras) que corren o risco de ficar sen un uso produtivo; e que se explica en moitos casos polo propio éxito económico desas familias, que as levou a formar aos fillos e fillas para a inserción laboral en traballos cualificados noutros sectores.

As diferenzas en función do tamaño que acabamos de ver trasládanse en boa medida aos datos por orien-

tacións produtivas, dadas as diverxencias na dimensión económica das explotacións entre unhas e outras ramas agrarias. Neste sentido, os datos por orientacións técnico-económicas do Censo Agrario de 2020 mostran un peso moito maior dos/as agricultores/as mozos/as, e en xeral unha estrutura menos envellecida dos xefes de explotación, nas unidades especializadas nas principais producións gandeiras: vacún de leite, vacún de carne, porcino e aves. Mentres que o envellecemento é especialmente acusado nas explotacións clasificadas en orientacións non especializadas (cultivos agrícolas diversos, policultivos, gandería mixta), e nas especializadas en certos cultivos (horticultura ao aire libre, frutais e cítricos) (cadro 7).

Isto ten importantes implicacións no plano territorial. O relevo xeracional no sector e a incorporación de agricultores/as mozos/as estase concentrando en certas comarcas, aquelas especializadas no vacún de leite, vacún de carne e gandería sen terras (avícola e porcino). Unhas comarcas que supoñen unha parte limitada do territorio galego: simplificando, as áreas gandeiras do interior da metade septentrional. Mentres que a situación e perspectivas demográficas son moito máis problemáticas en amplas zonas da xeografía, que poden ver desaparecer nas décadas inmediatas unha grande parte das explotacións agrarias, que son xa poucas en moitos concellos.

CADRO 7. DISTRIBUCIÓN POR IDADES DOS/AS XEFES DE EXPLOTACIÓN POR ORIENTACIÓN TÉCNICO-ECONÓMICA (OTE). GALICIA 2020

Orientación técnico-económica	Nº total	Distribución por idades (%)				
		< 35 anos	35-44	45-54	55-64	>= 65
15 Cereais, oleaxinosas e leguminosas	1.043	4,9%	4,5%	11,9%	13,4%	65,4%
16 Cultivos agrícolas diversos	14.565	0,8%	5,0%	8,0%	14,2%	71,9%
21 Horticultura en invernadeiro	661	2,4%	8,0%	18,5%	26,9%	44,2%
22 Horticultura ao aire libre	2.783	0,6%	2,8%	11,2%	22,9%	62,6%
35 Viticultura	12.933	1,8%	6,7%	13,5%	22,3%	55,7%
36 Frutais e cítricos	2.689	0,8%	2,5%	22,4%	11,3%	62,9%
45 Bovinos de leite	6.833	5,5%	16,5%	29,0%	38,4%	10,5%
46 Bovinos de carne	14.725	8,9%	12,8%	23,2%	30,9%	24,1%
47 Bovinos de carne e leite	1.387	5,5%	14,1%	23,2%	34,9%	22,3%
48 Ovinos, caprinos e outros herbívoros	4.218	3,1%	13,0%	17,2%	22,5%	44,2%
51 Porcos	916	7,5%	22,4%	25,4%	23,7%	21,0%
52 Aves	733	7,2%	22,0%	30,0%	25,8%	15,0%
6 Policultivos	5.486	0,7%	3,0%	6,8%	15,5%	74,1%
7 Gandaría mixta	1.286	2,4%	5,8%	9,4%	19,4%	63,1%
8 Cultivos e gandaría	4.210	2,0%	6,3%	12,9%	25,2%	53,6%
Total	75.451	3,5%	8,7%	16,1%	23,4%	48,3%

Fonte: INE, Censo Agrario 2020.

2. O CONTEXTO EUROPEO; ORIENTACIÓNS DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PAC)

2.1. ANTECEDENTES: A EVOLUCIÓN DO RELEVO XERACIONAL NA PAC

A cuestión do relevo xeracional na agricultura ten sido obxecto de atención na Política Agraria Común (PAC) da Unión Europea (UE) desde fai décadas, e foi gañando importancia política co paso do tempo, especialmente no último decenio (coas dúas últimas reformas). Neste sentido, o enfoque co que a PAC ten abordado a cuestión mudou de xeito sensible ao longo do tempo. Con todo, comparado coa evolución do discurso político, os cambios nos instrumentos de apoio ao relevo aplicados na práctica teñen sido máis ben modestos e cun impacto limitado.

Os obxectivos da PAC recollidos no Tratado de Roma (1957) incluían o de lograr “un nivel de vida xusto” para os agricultores. Para iso o foco durante as dúas primeiras décadas, a coñecida como “PAC clásica” (1960-1980), centrouse no sostemento dos mercados e na creación das condicións para atraer investimentos e promover a modernización da agricultura. Tratábase de impulsar economías de escala, aumentar a produtividade do traballo e así facilitar tamén a saída de traballadores cara outros sectores. Nese contexto, a renovación xeracional non recibía atención; había suficientes agricultores e tratábase de que fosen menos numerosos e máis produtivos.

As únicas medidas de apoio indirecto aos agricultores mozos e ao rexuene-

cemento da man de obra do sector que encontramos nesas décadas son as contidas en dúas Directivas aprobadas en 1972: a de modernización das explotacións agrarias e a de xubilación anticipada de agricultores. Pero, alén da limitada e moi desigual aplicación por países que estas alcanzaron, a segunda Directiva tiña como finalidade principal acelerar a saída dos traballadores de idade avanzada, máis que fomentar a permanencia dos mozos. E as axudas á modernización só de modo indirecto apoiaban a poboación moza, na medida en que os agricultores novos estaban en mellores condicións de acelerar a innovación, incorporando novas técnicas e procesos, e tamén de abordar investimentos para a ampliación das súas explotacións.

Ese tipo de apoios ampliouse e foise integrando nunha nacente política de desenvolvemento rural coas reformas da PAC aprobadas no período 1985-1999. Así, na reforma de 1992, coñecida como reforma MacSharry polo que era na altura Comisario de agricultura, aparecen as chamadas medidas de acompañamento. Entre elas estaba o reforzamento da antiga liña de apoio á xubilación anticipada, que pretendía acelerar o que, todavía daquela, deberíamos chamar “reemprazo” xeracional (a transmisión da titularidade das explotacións), e non tanto promover a existencia de relevo. Con esta medida a Comisión Europea buscaba axudar aos mozos agricultores a acceder á titularidade das explotacións a unha idade tempe-

rá (máis temperá do que viña sendo habitual), facilitando tamén que aumentasen o tamaño das súas explotacións. Ao tempo, tratábase de proporcionar un mellor nivel de vida aos agricultores maiores, como complemento ás súas pensións, dándolles un incentivo para ceder as terras ás xeracións máis novas. Non obstante, esta medida eliminouse na reforma da PAC de 2013¹, por non ter sido efectiva en moitas rexións para facilitar o relevo real (por exemplo, a nivel xerencial ou de acceso á terra) e tamén polo seu elevado custo.

Coa Declaración de Cork en 1996 e as reformas da Axenda 2000 (aprobadas en 1999), a PAC foi aumentando paulatinamente o seu foco na renovación xeracional e na vitalidade rural. Así, a partir do ano 2000 a PAC diversificou a súa estrutura coa consolidación da política de desenvolvemento rural como o seu “segundo pilar”. Os instrumentos e medidas desta política de desenvolvemento rural, ademais de continuar prestando atención á competitividade do sector agrario e forestal, estaban deseñados para promover tamén: (i) a diversificación económica das áreas rurais; e (ii) a “calidade de vida” rural, mediante mellores servizos, infraestruturas e novas oportunidades de emprego.

Como parte dese enfoque máis completo, a renovación xeracional, tanto dentro como fóra da agricultura, pasou a ser un foco de apoio das medidas de desenvolvemento rural en moitos Estados membros e rexións. A realidade demográfica xa era naquel entón ben diferente dunhas zonas rurais a outras da UE, como tamén o era o marco de apoio ao relevo nas políticas nacionais e rexionais. En diversas áreas da UE a poboación agraria mantiña

niveis de rexuvenecemento axeitados, impulsado en parte por medidas propias, a nivel nacional e/ou rexional. Mentres que a situación era moi diferente noutras. Neses anos (períodos 2000-2006 e 2007-2013), ademais dos posibles efectos do Pilar I da PAC (regulación dos mercados e axudas directas aos agricultores), os programas de desenvolvemento rural (Pilar II) ofreceron medidas para axudar aos agricultores mozos a comezar. Este apoio podía incluír asesoramento, subvencións, préstamos e garantías, destinados a axudar ao desenvolvemento das súas iniciativas.

Na reforma da PAC de 2013, que definiu o seu contido para o período 2014-2020, houbo algúns cambios sensíbles no deseño desas axudas. Por exemplo, as axudas á creación de empresas para mozos agricultores (axudas á instalación) comezaron a concederse en base a un plan de empresa (subvencionable para unha contribución comunitaria de até 70.000 euros), e non directamente vencelladas a investimentos. Ademais, a oferta de asesoramento a este colectivo pasou a ser unha obriga para os Estados membros (ou rexións nos Estados descentralizados). Tamén se prevían maiores intensidades de axuda nos investimentos físicos para as persoas mozas.

É tan só fai unha década, no 2014, cando a Comisión Europea (CE) explicita o chamado “problema dos agricultores mozos” (“the Young Farmer problem”) e, polo tanto, o foco político pasa a centrarse no reto demográfico que enfrenta o sector agrario europeo, aínda que con diferenzas entre países. O relevo xeracional pasou a converterse, cando menos na axenda política, nunha prioridade (European Commission,

1. O réxime de xubilación anticipada permaneceu como medida transitoria no período de programación 2014-2020, só para cumprir cos compromisos de pago adquiridos no período previo.

2015). Así, a partir de 2015 (coa reforma aprobada para 2014-2020) a PAC incorpora dentro dos pagamentos directos do Piar I, con carácter obrigatorio para os Estados membros, un complemento destinado aos agricultores mozos (“Young Farmer Scheme”). Este complemento xustificouse polas necesidades específicas dos agricultores novos, que presentaban de media uns ingresos máis baixos (no período 2012-2016, segundo datos da CE, os agricultores da UE menores de 40 anos tiñan de media uns ingresos un 20% inferiores aos daqueles de 40 ou máis anos). Ademais do anterior, os Estados que aplicaban o pagamento básico (principal axuda directa do Piar I) mediante un sistema de dereitos, como España, debían dar prioridade aos mozos para recibir novos dereitos de pagamento da reserva nacional.

A pesar de todo, o conxunto de instrumentos despregado pola PAC para impulsar o relevo xeracional veu sendo cuestionado, incluídos, cando menos nos seus primeiros anos, os incorporados no período 2014-2020. Nun informe publicado en 2017 o Tribunal de Contas Europeo (TCE) consideraba que *“o apoio da UE aos agricultores mozos baséase nunha lóxica de intervención mal definida, sen que se especifique ningún resultado e impacto esperado. Debería estar mellor orientado para fomentar a renovación xeracional efectiva”* (TCE, 2017). Non obstante, o TCE diferenciaba as medidas do piar I e as do piar II. Mentres que resaltaba a ausencia de coherencia no deseño do pagamento a agricultores mozos do primeiro piar, cunha contía e nun momento no que non está claro que necesidades específi-

cas se atenden (sen diferenciar, ademais, por niveis de renda), para as medidas do segundo piar vía unha mellor coordinación e consideraba que abordaban *“máis directamente as necesidades das persoas agricultores mozas no acceso á terra, ao capital e ao coñecemento”*.

No contexto da última reforma da PAC (para o período 2023-2027), a avaliación que a propia Comisión Europea fixo sobre o impacto desta política no relevo xeracional foi máis positiva, aínda que tamén con luces e sombras. Segundo a Comisión, *“o impacto das medidas de relevo xeracional da PAC no número de persoas agricultoras mozas é maioritariamente positivo, aínda que ás veces modesto, con variacións significativas entre rexións e sistemas. O efecto máis significativo prodúcese nas zonas pouco poboadas, menos desenvolvidas e con moitas pequenas explotacións. Nas rexións con grandes explotacións, un gasto elevado da PAC e unha poboación agrícola envellecida, o efecto das medidas de relevo xeracional da PAC sobre o número de agricultores mozos é moi pequeno. O apoio aos agricultores mozos permite a renovación xeracional cando o importe da axuda ofertada e as condicións da oferta sexan significativas. É probable que o impacto no emprego sexa maior cando o apoio se dirixa a formas de agricultura intensivas en man de obra en lugar de simplemente apoiar a sucesión agrícola en sectores intensivos en capital”* (European Commission, 2021). Ademais, consideraba que a adopción das axudas da PAC ao relevo depende da dispoñibilidade de servizos de asesoramento axeitados e que, na súa ausencia, a penetración destas axudas pode verse

mermada pola complexidade administrativa. Isto explicaría en parte por que estas medidas non son as máis adecuadas para os recién chegados á agricultura desde fóra do sector (os chamados “new comers” ou “new entrants”).

Paga a pena recoller as principais aprendizaxes que a CE tiraba da súa avaliación²:

- A maioría dos Estados membros carecen dun enfoque estratéxico para a renovación xeracional nos piares I e II da PAC.
- O desenvolvemento de enfoques integrais permitiría aumentar a aplicación das medidas de relevo xeracional da PAC. Isto podería conseguirse empregando de forma coherente múltiples instrumentos, institucións e disposicións legislativas e fiscais, máis alá da PAC.
- Os países teñen unha marxe considerable para aprender das boas prácticas doutros Estados membros, co fin de coñecer: (i) unha aplicación máis creativa de medidas que posibiliten innovacións institucionais e sociais; e (ii) as políticas diferentes da PAC que poden axudar á renovación xeracional.
- Os agricultores que permanecen en activo até idades moi avanzadas son unha cuestión da que as políticas nacionais, como os réximes de pensións, son en parte responsables.
- O acceso ao coñecemento e ao asesoramento aínda é insuficiente.

- As medidas de renovación xeracional da PAC non están ben adaptadas para apoiar a entrada de mozos sen antecedentes familiares no sector agrario.

Cabe salientar a énfase que se fai na necesidade de adoptar enfoques estratéxicos e integrais, cunha atención especial á coordinación das medidas da PAC e, especialmente, á importancia doutros mecanismos e instrumentos non-PAC, decisivos para apoiar o relevo en eidos clave.

En relación ao último dos aspectos salientados pola CE na súa avaliación, a cuestión dos novos entrantes na agricultura tamén se foi facendo un oco, pequeno polo de agora, na reflexión e debates sobre o relevo xeracional. Aínda que non existe unha definición consolidada, polo xeral referímonos a persoas que se incorporan á actividade agraria, como titulares de explotación (ou co-titulares), sen facelo na explotación familiar e, na maioría dos casos, sen antecedentes familiares próximos no sector. En 2016 a CE publicou o informe *New entrants into farming: lessons to foster innovation and entrepreneurship* (European Commission, 2016), e a partir do mesmo outras iniciativas e reflexións foron prestando maior atención a este tipo de perfís que, en todo caso, amosan grande diversidade de traxectorias de entrada e evolución no sector (Creaney et al., 2023). As primeiras xustificacións para incluílas no foco centrábanse na aparente maior capacidade deste tipo de persoas para introducir ideas empresariais innovadoras, promover circuitos curtos de comercialización, aplicar novas tecnoloxías e métodos de produción sostibles, in-

2. Esta avaliación apoiouse en grande medida nun estudo previo: *European Commission-Directorate-General for Agriculture and Rural Development (2019). Evaluation of the impact of the CAP on generational renewal, local development and jobs in rural areas - Final report. Publications Office. <https://data.europa.eu/doi/10.2762/364362>*

cluindo os agroecolóxicos; ao mesmo nivel ou superior que os agricultores mozos do relevo familiar clásico, que terían unha liña máis continuísta. Porén, a reflexión na actualidade vai máis alá, e xa se contemplan este tipo de incorporacións como necesarias tamén a nivel cuantitativo. Nunha resolución do Parlamento Europeo de 2023³ afírmase que a renovación xeracional esixe que os mozos de orixe agraria sigan nesta vía profesional e que os novos entrantes (*new comers*) se animen a incorporarse ao sector, así como que as medidas de renovación xeracional no marco da PAC non sempre son adecuadas para a transferencia das explotacións a non familiares.

2.2. O MARCO DA PAC 2023-2027 NA UE E EN ESPAÑA

A última reforma da PAC, de aplicación no período 2023-2027, converte finalmente o relevo xeracional nun dos seus obxectivos prioritarios. En vigor desde o 1 xaneiro de 2023, a nova PAC establece nove obxectivos específicos, distribuídos en tres bloques (económico, ambiental e social), que se complementan cun obxectivo transversal orientado aos sistemas de coñecemento e innovación na agricultura. Nese marco xeral, o obxectivo específico 7 céntrase expresamente no apoio ao relevo xeracional: *“atraer e manter as persoas agricultoras mozas e outras novas agricultoras e facilitar o desenvolvemento empresarial sustentable*

nas zonas rurais”.

Partindo da normativa europea, o novo modelo de aplicación (*new delivery model*) da PAC 2023-2027 implica que cada Estado membro tivo que elaborar un Plan Estratéxico da PAC para o seu territorio. Este Plan, baseado nun diagnóstico detallado da situación do sector agrario e as áreas rurais e na identificación das principais necesidades a abordar para acadar os obxectivos específicos, estableceu unha planificación integral das diferentes accións financiadas pola PAC no país. Así, cando menos a nivel de planificación, por primeira vez a PAC aborda con carácter estratéxico a cuestión do relevo xeracional.

Na práctica, porén, analizando os Plans Estratéxicos elaborados polos 27 Estados membros, a Comisión Europea advirte certa continuidade no esforzo financeiro adicado ao impulso do relevo (European Commission, 2023). Como aspectos positivos, identifica melloras máis tanxibles na orientación dos recursos, no mellor uso dos instrumentos financeiros, no deseño das medidas individuais e no uso de instrumentos combinados para lograr un efecto acumulativo. Adicionalmente, a Comisión estima que algunhas necesidades asociadas ao relevo só se abordan parcialmente nos Plans, mais esas medidas son complementadas con outras actuacións a nivel nacional non

3. European Parliament resolution of 19 October 2023 on generational renewal in the EU farms of the future (2022/2182(INI)).

incluídas na PAC. Esta complementariedade, considera, vai desempeñar un papel fundamental para axudar aos agricultores mozos. Por iso solicita aos Estados que optimicen a interacción coas políticas nacionais, dado o importante papel que xogan estas outras políticas no fomento da remuda xeracional.

En liña co que acabamos de comentar, o Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 de España (PEPAC) recolle unha estratexia de relevo xeracional para o sector agrario⁴ que inclúe diferentes medidas, tanto financiadas pola PAC como a impulsar de xeito complementario á marxe da mesma. En total, no PEPAC prográmanse 12 intervencións financiadas pola PAC que contribúen dun xeito ou doutro ao impulso da remuda xeracional: 11 medidas de desenvolvemento rural, máis o pago complementario a agricultores mozos (dentro das axudas directas do primeiro pilar). Como novidades salientables en relación ao período previo cabe citar: a introdución dunha axuda á instalación para persoas entre 40 e 55 anos, en igualdade de condicións coa clásica axuda para persoas agricultoras mozas; así como unha medida de cooperación para a sucesión nas explotacións agrarias, que busca apoiar a colaboración entre o titular de idade avanzada saínte e o entrante.

Ademais, a estratexia fai fincapé na

necesidade de complementar as intervencións do PEPAC con accións, da Administración Central e as Comunidades Autónomas, en tres eixos prioritarios: o acceso á terra, a súa recuperación e mobilización⁵; os aspectos económicos, como financiamento e acceso ao crédito; as capacidades para acceder e exercer a profesión (formación, coñecemento, asesoramento e acompañamento).

Mirando cara ao futuro, cabe facer un apunte sobre a PAC que se vai configurar para o período 2028-2034. En febreiro de 2025 a Comisión Europea sentou xa as bases do que será a súa proposta, na Comunicación *Unha visión da agricultura e a alimentación: configurando xuntos un sector agrario e agroalimentario atractivo para as xeracións futuras* (Comisión Europea, 2025). O título da Comunicación explicita a importancia outorgada ao relevo xeracional. Algo que se confirma no feito de que, entre os catro ámbitos prioritarios de actuación esbozados, resáltase a necesidade de animar as persoas mozas a instalarse na agricultura. Neste senso, a Comisión anuncia que presentará antes de rematar 2025 una estratexia de renovación xeracional, con recomendacións sobre as medidas, tanto a nivel da UE como nacional ou rexional, para superar os obstáculos no acceso á actividade agraria das persoas mozas e novos entrantes.

4- https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/relevo-generacional/estrategiaderelevogeneracional_tcm30-699758.pdf

5- A estratexia de relevo xeracional remite ao Grupo Focal de Acceso á Terra impulsado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) e ao resultado do seu traballo, o informe *Estudio sobre el acceso a la tierra* (https://www.mapa.gob.es/dam/mapa/contenido/desarrollo-rural/jovenes-rurales/grupo-focal-de-acceso-a-la-tierra/grupo_focal_digital_.pdf).


3. MEDIDAS DE APOIO AO RELEVO XERACIONAL NO SECTOR AGRARIO GALEGO

O apoio ao relevo xeracional no sector agrario en Galicia veu marcado fundamentalmente desde a entrada de España na UE polo compás da PAC, coas axudas á primeira instalación como medida máis importante, á que se uniu desde 2015, igual que no resto da UE, o pago complementario a mozos.

No que se refire ás axudas á primeira instalación, segundo os datos que expuxo na Xornada Nicasio Mejuto, Sub-

director Xeral de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural, no período 2016-2023 beneficiáronse desta medida un total de 2.709 mozos e mozas, o que supón unha media dunhas 340 incorporacións anuais. O 60% corresponderon a homes e o 40% restante a mulleres; un predominio masculino algo menos acentuado do que encontramos no total de persoas xefes de explotación menores de 45 anos no

GRÁFICO 6. NÚMERO DE AXUDAS Á INCORPORACIÓN DE AGRICULTORES/AS MOZOS/AS POR ORIENTACIÓN PRODUTIVAS. GALICIA 2016-2023



Fonte: Consellería do Medio Rural.

Censo Agrario 2020 (ver cadro 6).

Por producións ou ramas agrarias, o 71% dos mozos e mozas incorporados fixérono nunha explotación especializada no gando vacún: 43% no sector lácteo, 26% en explotacións de vacas de carne e 2% en cebadeiros de xatos. A moita distancia, pero aínda con cifras relevantes, figuran as incorporacións na avicultura (8%), no porcino (7%) e na apicultura (5%). Mentres que o seu volume foi moi pequeno nas producións vexetais: 4% en hortalizas ao aire libre, 3% en hortalizas en invernadoiro e só 2% na viticultura (gráfico 6). Estes datos non fan senón corroborar o que indicamos anteriormente, a partir da información do Censo Agrario 2020 (ver cadro 7): o relevo xeracional e a incorporación de agricultores/as mozos/as estase concentrando nas principais producións gandeiras do noso agro: vacún de leite, vacún de carne e, en menor medida, aves e porcino.

Acorde con esa distribución por orientacións produtivas, as incorporacións localízanse principalmente nas comarcas de especialización gandeira da metade septentrional de Galicia. Así, segundo as cifras presentadas na Xornada por Nicasio Mejuto, os concellos con máis mozos/as incorporados/as no período 2016-2023 foron, por esta orde: Sarria (134), Lalín (127), Lugo (98), Xinzo de Limia (81), Vilalba (81), Friol (74), Arzúa (68), Ordes (63), Santa Comba (62), Rodeiro (50), Guitiriz (49), Chantada (45), Monterroso (43), Melide (34), Castro de Rei (33), Mazaricos (33) e Monforte de

Lemos (33).

Máis alá de iniciativas puntuais no tempo ou no espazo, non ten habido nas décadas pasadas un impulso político e un enfoque estratéxico claro a prol do relevo xeracional, a pesar de que a realidade demográfica do sector agrario galego amosaba datos máis preocupantes que a media estatal e europea. A evolución do contido dos apoios foi de tipo técnico, con pequenos axustes no deseño das medidas clásicas; axustes, con todo, eficaces para atender mellor as necesidades e circunstancias das persoas que se incorporaban e, polo tanto, incrementar o seu impacto.

Ás medidas derivadas da PAC só cabe engadir, pola súa singularidade no contexto estatal e pola importancia do acceso á terra para favorecer o relevo, as accións encamiñadas a mellorar a mobilidade de terras. Estas comezaron coa creación do Banco de Terras de Galicia en 2007 e reforzáronse de xeito significativo, ao menos no plano legal, con outros instrumentos regulados pola recente Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia aprobada en 2021. Entre os novos instrumentos previstos nesta lei teñen especial relevancia aos nosos efectos os polígonos agroforestais, as aldeas modelo e o Banco de Explotacións. Na mesma liña, téñense establecido a nivel autonómico incentivos fiscais no rural co obxectivo de facilitar o acceso á terra e á vivenda.

No marco da elaboración do PEPAC para o período 2023-2027, a Consellería do Medio Rural definiu unha es-

tratexia de intervención no medio rural galego no horizonte do 2030⁶. Elaborada a finais de 2021, a estratexia seguía un enfoque metodolóxico similar ao do PEPAC de España, ao que contribuía especialmente nos ámbitos que son competencia directa da Comunidade Autónoma (as intervencións de desenvolvemento rural). Ao tempo, tiña autonomía propia, contemplando tanto medidas financiadas pola PAC como outras complementarias a impulsar pola Comunidade Autónoma. A estratexia estableceu oito liñas estratéxicas, sendo a terceira o “Impulso ao relevo xeracional na agricultura”. Cabe destacar tamén a segunda: “Recuperación e posta en valor de terras agrarias e reestruturación da base territorial das explotacións”.

A liña estratéxica de impulso ao relevo xeracional respondía principalmente ás seguintes necesidades identificadas no PEPAC:

- Promover o relevo xeracional.
- Facilitar o acceso á terra.
- Mellorar as condicións para a incorporación e permanencia das mulleres rurais na actividade agraria.

Ademais, pretendía contribuír tamén a abordar outras necesidades:

- Mellorar a cualificación profesional.

- Promover o emprendemento e atraer e reter talento innovador no rural.

- Promover a formación e o intercambio de coñecementos no sector agrario.

- Promover o asesoramento, a formación dos asesores e a súa interacción.

Partindo diso, o apoio ao relevo articulábase a través de catro subliñas:

- a. Acceso á terra e/ou a explotacións agrarias.
- b. Apoio á instalación e á creación de empresas agrarias.
- c. Formación, tutorización e asesoramento.
- d. Sensibilización e información.

No seu conxunto, as catro subliñas pretendían abordar de forma integral os principais retos aos que se enfrontan os agricultores mozos e novas entrantes. A súa implantación coordinada, adaptada a cada caso na medida do posible, incrementaría o seu impacto.

A estratexia apuntaba a necesidade de facilitar o acceso á vivenda, servizos básicos e unha dinámica social atractiva. Estes factores afectan ao relevo xeracional nas áreas rurais en xeral, pero

6-Esta estratexia foi un dos produtos do “Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración da proposta do Plan Estratéxico da PAC (Política Agraria Común) en Galicia Horizonte 2030”, subscrito en outubro de 2019

teñen unha especial incidencia na incorporación de persoas mozas á actividade agraria. Por outro lado, destacaba que as necesidades das persoas que se incorporan á agricultura varían dunhas a outras. Polo tanto, as actuacións deben contemplar todo o espectro, desde o caso clásico que tradicionalmente se considera nas políticas —un mozo que se incorpora á explotación dos seus pais, que xa ten un tamaño determinado, onde se criou e pretende continuar— até o dun “novo entrante”, procedente en xeral do medio urbano, sen experiencia agraria previa e sen terras. Para facer efectivo ese enfoque integral, a estratexia avogaba por combinar actuacións no marco do PEPAC con outras aplicadas de forma complementaria e coordinada pola Xunta de Galicia. Entre estas últimas destacábanse especialmente dúas: os instrumentos previstos na Lei 11/2021 de Recuperación da Terra Agraria de Galicia (LERETEAGA) e as accións de coordinación, fomento e promoción executadas directamente cos recursos da Consellería do Medio Rural. Partindo desa estratexia deseñada no marco da elaboración do PEPAC de Galicia 2023-2027, as accións financiadas pola PAC que se están aplicando, ou está previsto poñer en marcha, para impulsar o relevo xeracional no sector agrario galego son principalmente as seguintes (a primeira financiada polo Fondo Europeo Agrario de Garantía -FEAGA- e as restantes polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural -FEADER-) (gráfico 7):

- Axuda complementaria á renda das persoas agricultoras mozas: para aqueles de 40 anos ou menos, pagada durante cinco anos logo da incorporación.
- Axuda á incorporación de persoas agriculturas mozas e de novos entrantes (até 55 anos de idade).
- Investimentos en explotacións agrarias, con priorización das persoas mozas.
- Cooperación para a sucesión nas explotacións agrarias: medida deseñada para facilitar a transmisión extra-familiar e a través do Banco de Explotacións previsto na LERETEAGA.
- Investimentos en infraestruturas agrarias: contemplan diversas actuacións de mobilización e mellora de terras agrarias, como os polígonos agroforestais e as aldeas modelo da LERETEAGA, o Banco de Terras ou os procesos de reestruturación parcelaria previstos na Lei 4/2015 de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia.
- Asesoramento, que inclúe tanto o proporcionado polos servizos públicos, a través das Oficinas Rurais, como o privado, por medio das entidades inscritas e autorizadas. Ademais, neste período comezouse co programa de titorización para todas as persoas beneficiarias das axudas á incorporación (tanto mozas como novas entrantes), impulsado desde os servizos técnicos da rede de Oficinas Rurais da Consellería do Medio Rural.

- Transferencia de coñecementos, formación e información, que contempla diversos tipos de actividades:

. Formación e adquisición de competencias.

. Actividades de transferencia de coñecemento.

. Financiamento de intercambios de breve duración e estadias ou visitas curtas.

. Formación de asesores.

GRÁFICO 7. NECESIDADES IDENTIFICADAS E INTERVENCIÓNS PROGRAMADAS PARA ABORDAR O OBXECTIVO DO RELEVO XERACIONAL NO PEPAC DE GALICIA 2023-2027

PE PAC 2023-2027 OBXECTIVO ESPECÍFICO 7 - RELEVO XERACIONAL	
N01 Promover o relevo xeracional +++	1. Axuda complementaria á renda para agricultoras mozas e mozos (PE PAC - FEAGA) 2. Axuda para a incorporación á actividade agraria de mozos e mozas agricultoras < 41 anos (PE PAC - Feader)
N02 Mellorar as explotacións agrarias - OE2	3. Investimentos en explotacións agrarias (PE PAC - Feader)
N03 Facilitar o acceso á terra ++	4. Cooperación para a sucesión de explotacións agrarias (PE PAC - Feader) 5. Investimentos en infraestruturas agrarias (PE PAC - Feader)
N04 Facilitar o acceso ao crédito +	6. Instrumento financeiro para mozas e mozos que se incorporan á actividade agraria (PE PAC - Feader)
N05 Mellorar a cualificación profesional ++	7. Asesoramento (PE PAC - Feader) 8. Transferencia de coñecementos e actividades de formación e información (PE PAC - Feader)
N06 Emprendemento e talento - OE8 ++	9. Axuda para a incorporación á actividade agraria de novos e novas agricultoras 41 - 55 anos (PE PAC - Feader)
N07 Combater o despoboamento - OE8 **	10. Axudas para investimentos para a diversificación agraria 11. Investimentos non produtivos en servizos básicos locais

Fonte: Martínez Barral, J. M. (2024). Mecanismos da Consellería do Medio Rural para o relevo xeracional. VIII Reunión Casal de Armán, Foro Económico de Galicia. Santiago de Compostela.

4. RETOS, DIFICULTADES E OPORTUNIDADES PARA O RELEVO XERACIONAL NO SECTOR AGRARIO

A nivel da UE a Comisión e o Parlamento Europeo resaltan os seguintes como os principais retos ou obstáculos ao relevo xeracional no sector agrario:

- o prezo e a dispoñibilidade de terras;
- a baixa rendibilidade xeral das actividades agrarias;
- os requisitos administrativos;
- a imaxe do sector;
- acceso a servizos básicos no rural e de apoio social.

A maiores, tamén mencionan:


- a falta de capital propio e o difícil acceso ao crédito;
- a carencia de servizos técnicos;
- acceso ás medidas de apoio;
- os efectos do cambio climático.

En España o MAPA fai unha lectura semellante. Como xa se indicou nun apartado previo, a estratexia para o relevo xeracional incluída no PEPAC 2023-2027 fai fincapé no acceso á terra, o financiamento e o coñecemento e innovación. Porén, é importante des-

tañar que hai diferenzas significativas dunhas zonas a outras, mesmo entre contextos locais cercanos, e duns perfís de persoas instalándose a outras. Levar adiante accións con impacto real depende de coñecer e integrar axeitadamente esas particularidades territoriais e individuais (gráfico 8).

Nese senso, todavía existe certo descoñecemento no plano empírico dos factores máis influíntes e das principais barreiras de entrada que enfrontan as persoas que se instalan, ou pretenden facelo, na agricultura. Ademais, esas barreiras son con toda probabilidade ben diferentes se a incorporación é por sucesión na explotación familiar, por transferencia extra-familiar ou por instalación nunha explotación ex novo. Polo tanto, avanzar nun mellor coñecemento de cada realidade e facer un diagnóstico preciso resulta imprescindible para axustar as medidas de apoio. A modo de exemplo, no gráfico 9 recolleemos os resultados obtidos polo proxecto do Grupo Operativo TERRACTIVA (<https://terractiva.es/>), sobre as principais dificultades que destacan unha mostra de novos entrantes no sector agrario en Galicia (persoas que se incorporaron procedentes de fóra da agricultura). Os valores representados no gráfico indican a relevancia que estas persoas atribúen a cada un dos tipos de dificultades ou obstáculos encontrados.

GRÁFICO 8. DIFERENTES ITINERARIOS E PERFIS DE PERSOAS NOS PROCESOS DE INSTALACIÓN NO SECTOR AGRARIO




Fonte: Creaney et al. (2023).

A continuación afondamos nalgúns dos principais retos e dificultades do relevo xeracional no sector agrario galego, incorporando no texto as achegas realizadas polos participantes na VIII Reunión Casal de Armán. Diferenciamos aquí catro grupos de factores: aspectos sociais, acceso ao coñecemento e formación, acceso á terra e outros condicionantes.

4.1. ASPECTOS SOCIAIS

Os aspectos sociais son un condicionante importante dos procesos de relevo xeracional na agricultura. Este apartado inclúe elementos diversos: a percepción do traballo agrario por parte das persoas potenciais sucesoras; as dinámicas familiares nas explotacións agrarias, as relacións entre

GRÁFICO 9. DIFICULTADES NO PROCESO DE INSTALACIÓN DE NOVOS ENTRANTES NO SECTOR AGRARIO EN GALICIA



Fonte: Proxecto G.O. TERRACTIVA (<https://terractiva.es/>).

xeracións e a súa influencia nos procesos de transmisión da titularidade; ou o atractivo das áreas rurais e a valoración social da actividade agraria. Todos eles, ademais, interactúan; por exemplo, a percepción individual do traballo na agricultura vese influenciada pola imaxe que exista ao respecto no conxunto da sociedade.

Neste sentido, os datos dispoñibles indican que a sociedade española considera a agricultura importante para o futuro, en particular polo seu rol de fornecer alimentos e xerar emprego nas áreas rurais; unha valoración común no conxunto da UE, como mostran resultados recentes do Eurobarómetro

(European Commission, 2024). Pero hai que diferenciar a valoración que a sociedade fai do papel da agricultura da que atribúe ás condicións nas que se desenvolve a actividade agraria (traballos ás veces penosos, xornadas longas, dificultades para conciliar, incertidume económica...) e o seu encaixe cos patróns de estilo de vida, sobre todo da poboación moza. Así, son frecuentes, en xeral e de modo particular en Galicia, os casos nos que os titulares actuais das explotacións animan aos seus fillos e fillas a desenvolver carreiras profesionais fóra da agricultura, mesmo opoñéndose ao relevo á fronte das mesmas. As testemuñas presen-

tadas na Xornada por Antón Chaín (incorporado á explotación familiar de vacún de leite no concello da Pastoriza) e Marcos Nogueiras (que colleu o relevo da explotación de horta dos pais en Vilar de Santos) son exemplos destas situacións que, a falta de estudos sistemáticos, sabemos que están lonxe de seren excepcionais.

Ao tempo, e actuando en sentido contrario, o atractivo das áreas rurais gaña importancia en determinadas zonas, a medida que certos aspectos da calidade de vida en entornos urbanos se ven comprometidos. A emerxencia da Covid-19 orixinou un pico nese atractivo, se ben seguramente temporal en boa medida.

Porén, non contamos con estudos que ofrezan unha visión actualizada, para o contexto galego, dos aspectos que se acaban de sinalar. Necesitamos coñecer con maior precisión cal é hoxe a valoración social do sector por parte dos diferentes colectivos, e de que xeito inflúe na decisión de incorporarse ou permanecer na agricultura. Tamén a relevancia doutros factores sociais, como as relacións e conflitos interxeracionais (no caso da sucesión familiar clásica) ou a integración na comunidade local (para as persoas novas entrantes).

A agricultura veu sendo en Galicia unha actividade familiar por excelencia. A continuidade das explotacións agrarias dependía, pois, da existencia dunha sucesión familiar. Desde esta perspectiva foron deseñadas e aplica-

das nas últimas décadas as políticas de apoio ao relevo xeracional. Por iso, aínda hoxe continúa asumíndose que a clave pasa por convencer, primeiro, e apoiar despois ás novas cohortes do rural para que, chegado o momento, tomen as rendas das explotacións dos seus proxenitores. Esta premisa plasma unha expectativa social peculiar e, probablemente, anacrónica: asume que a primeira opción profesional dos fillos de agricultores sexa continuar a saga familiar, algo que hoxe non se explicita para ningunha outra profesión nin é o punto de partida para deseñar toda unha política. É factible, nos tempos actuais, xerar esa dinámica de xeito maioritario? Seguramente non.

A mellora do Estado do Benestar e do sistema educativo e o desenvolvemento do sector agrario, co éxito económico de moitas explotacións, fan que, en termos xerais, xa desde fai décadas os fillos e fillas de agricultores teñan as mesmas opcións formativas que o resto da mocidade, se non máis. O que, paradoxalmente, aumenta as probabilidades de que opten por outras alternativas profesionais do seu interese.

En relación con esa idea, Rocío Toxo, experta en procesos migratorios da mocidade rural galega, lembrou na súa intervención durante a Xornada unha pasaxe do documento *How to promote the role of youth in rural areas of Europe?*, elaborado en 2010 por M. Shucksmith a petición da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo: “Para moi-

tas persoas nas comunidades rurais e para aqueles preocupados pola política rural, un dos problemas máis urxentes para a sostibilidade futura das comunidades rurais é o éxodo da poboación moza. Un funcionario da CE [Comisión das Comunidades Europeas] preguntoulle a unha destacada investigadora como deter a emigración da poboación moza das comunidades rurais: “simple”, respondeu, “deixen de educalos”. Se ben esta resposta pode non parecer de moita utilidade práctica para o funcionario, efectivamente resume un dilema central para a política entre promover o que é mellor para os mozos e o que é mellor para as comunidades rurais (Shucksmith, 2010, p. 13).

Na súa investigación, Toxo observou como a primeira emigración da xente nova prodúcese a idades temperás: *“marchan as persoas que se van formar e logo, unha vez formadas, non adoitan retornar”*⁷. Este fenómeno ten consecuencias directas nas probabilidades de sucesión nas explotacións, na medida en que a implicación en actividades agrarias a idades temperás se ten considerado un factor influínte na probabilidade de incorporarse (ou permanecer) na agricultura. Con todo, *“cada vez constátase máis que a emigración rural xuvenil está determinada principalmente por factores non económicos. Non marchan do rural as persoas formadas por falta de oportunidades de emprego; senón que teñen*

maior peso outras motivacións”.

Esas outras motivacións están relacionadas co acceso a servizos, vivenda, mobilidade e actividades de índole cultural ou social, particularmente nas áreas rurais máis despoboadas e periféricas. Trátase dun aspecto que condiciona claramente o relevo na agricultura, como resaltou tamén José Manuel Andrade durante a Xornada que, nese senso, advirte unha *“caren- cia de políticas públicas transversais orientadas ao desenvolvemento rural, e que impliquen tamén sanidade, educación, vivenda...etc.”*

4.2. ACCESO AO COÑECEMENTO E FORMACIÓN

O acceso a coñecemento e formación especializada por parte das persoas que se incorporan á agricultura é outro dos aspectos clave. Aínda que hai unha abondosa oferta de formación reglada, de diferente nivel, non sempre é axeitada en forma e/ou tempo ás necesidades das persoas que se instalan.

No marco da PAC, as axudas á incorporación de agricultores mozos asociáronse tradicionalmente a cursos de formación específicos para os beneficiarios. Así, actualmente o curso de [Aptitude Empresarial Agraria](#) é necesario para que aquelas persoas que non teñan a formación agraria suficiente a acaden e poidan acceder ás axudas á primeira instalación, tanto de agriculto-

7. Toxo, R. (2024). Aspectos sociais e culturais do relevo xeracional na agricultura galega. VIII Reunión Casal de Armán. Foro Económico de Galicia. Santiago de Compostela

res mozos (entre 18 e 40 anos) como de novos agricultores (41 a 55 anos) que se incorporan como titulares ou cotitulares dunha explotación agraria.

Na práctica, a oferta formativa é moito máis diversa a través de numerosas actividades de formación non reglada, promovidas por organizacións públicas e privadas a nivel estatal, autonómico e local, tanto en formato presencial como en liña. En Galicia a Consellería do Medio Rural desenvolve anualmente [programas de formación continua](#), cunha oferta de cursos presenciais e telemáticos impartidos polos sete [Centros de Formación e Experimentación Agraria](#), Oficinas Rurais da Consellería e entidades colaboradoras.

A oferta de recursos formativos telemáticos vai en aumento. Ademais do xa mencionado por parte da Consellería do Medio Rural, o MAPA está a impulsar tamén este eido. Por exemplo, as actividades de [La Vega Innova](#) ou os recursos dispoñibles na [Plataforma Asesores AKIS](#), ambas promovidas polo Ministerio, buscan maximizar o número de destinatarios finais. A nivel da UE, o [EUFarmBook](#) aspira a converterse nun punto de referencia para a recompilación e difusión de coñecementos técnicos e científicos aplicables a todos os sectores ou ramas agrarias de Europa. Ao mesmo tempo, están a aparecer recompilacións das opcións de formación dispoñibles para un territorio, período e, ás veces, sector e perfil de entrada específicos

(as dúas últimas guías mencionadas son un exemplo). Organizar, visibilizar e manter actualizadas as ofertas de formación, así como adaptalas ás necesidades concretas das persoas que buscan establecerse no sector, segue a ser un desafío, especialmente tendo en conta a crecente diversidade dos perfís destas persoas (como exemplo está o [portal Raíces](#) promovido pola organización agraria UPA). En calquera caso, esta sistematización é máis eficaz a nivel local e/ou sectorial.

Considerando a instalación na agricultura como un proceso que atravesa diferentes fases, a formación ten maior impacto, e resulta especialmente necesaria, nas etapas de consolidación e desenvolvemento da actividade. En cambio, semella non ter unha incidencia tan clara na decisión de incorporarse á actividade agraria; aínda que unha conexión máis operativa co sistema educativo, especialmente cos ciclos de Formación Profesional, pode xogar un importante papel e constitúe en Galicia unha tarefa pendente. Nese senso, durante a Xornada Luis García, Director da EFA Fonteboa, demandou afondar na conexión dos centros de ensino obrigatorio coa contorna rural, facendo que programas e actividades docentes faciliten a inmersión do alumnado no seu contexto. Este é, segundo a súa experiencia, un elemento fundamental para estimular a permanencia da mocidade nas áreas rurais e a remuda xeracional nas explotacións agrarias.

En todo caso, o coñecemento práctico, baseado na experiencia, é tamén relevante pero difícil de adquirir para aquelas persoas que non se criaron nunha explotación. Para cubrir esta necesidade están a xurdir programas de residencia, intercambios e actividades similares. Neste ámbito cabe mencionar tamén a medida de “cooperación para a sucesión nas explotacións” (á que aludimos no apartado 3), deseñada en Galicia dentro do PEPAC 2023-2027, que está concebida para facilitar a transmisión extra-familiar a través do [Banco de Explotacións](#). Os beneficiarios destas axudas poden ser os xefes de explotación que acadasen ou vaian acadar a idade de xubilación, ou que teñan que abandonar a actividade por outras causas de forza maior. Esas persoas deben presentar un proxecto de cooperación co sucesor/a que vai asumir a xestión da explotación, incluíndo no mesmo o enfoque para a transferencia de coñecementos. Pola súa banda, o MAPA, seguindo unha das recomendacións do informe sobre [necesidades formativas da mocidade rural](#), impulsa o programa [CULTIVA](#), que financia estancias formativas de persoas mozas en explotacións agrarias por todo o Estado.

O asesoramento tamén veu gañando protagonismo, en concreto no proceso de instalación. A PAC financiou nos últimos 15 anos a consolidación de servizos de asesoramento agrario, e

no actual período 2023-2027 existen iniciativas para darlles un novo impulso. En Galicia, dentro do PEPAC deste período, prevese un acompañamento que proporcione un apoio continuo ao recién chegado, desde a etapa de concepción do seu proxecto até a consolidación da explotación. Como limitación, estes programas están dirixidos só a aqueles que reciben unha axuda de incorporación, que son unha parte, aínda que grande, das persoas que inician unha actividade agraria. Por outro lado, os servizos de asesoramento céntranse até agora en aspectos técnicos, económicos e administrativos, algo lóxico tendo en conta a súa orixe e as organizacións que os prestan, aínda que coa ambición de ser máis completos e incluír outras dimensións.

Entre as iniciativas privadas cabe salientar o Programa de Apoio a Empresas Agroalimentarias que a Fundación Juana de Vega ven desenvolvendo desde 2012, que ofrece formación especializada e asesoramento durante un ano a proxectos no sector (<https://programadeapoyo.juanadevega.org/>). Cada ano o programa apoia 10 emprendedores: 5 na fase inicial de desenvolvemento do modelo de negocio e 5 na de consolidación. Poden participar iniciativas dos ámbitos agroalimentario, forestal, marisqueo e pesca, bioeconomía ou servizos de base tecnolóxica que apoién os mencionados.

Nesta mesma liña, desde 2022 púxo-

se en marcha a rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego da Consellería de Emprego (<https://polo-semprendemento.gal/>). A rede conta con 15 centros repartidos por toda Galicia que traballan de forma coordinada apoiando emprendedores de calquera sector, incluído o agrario. Desenvolveiron unha metodoloxía común, adaptada ao entorno e necesidades de cada emprendedor, e proporcionan unha serie de ferramentas de apoio como SIE (Sistema de Intelixencia Territorial para o Emprendemento), axuda económica e materiais como microguías de emprendemento e un buscador de axuda. A Fundación Juana de Vega é a responsable da coordinación da Rede de Polos.

O papel renovado dos servizos de asesoramento require que as equipas técnicas adquiren novas habilidades e ferramentas. Neste contexto, son salientables as iniciativas destinadas a formar estes servizos en áreas como a dixitalización ou as chamadas habilidades “brandas”, esenciais para abordar a complexidade social dos procesos de transferencia das explotacións agrarias, especialmente os de tipo extrafamiliar. Tamén se intenta incorporar servizos de asesoramento que tradicionalmente non se dirixiron ao sector agrario pero poden desempeñar un papel importante (por exemplo, na xestión de persoal, comunicación, etc.). A xa mencionada Plataforma AKIS, pro-

movida polo MAPA, persegue ambos os fins. No mesmo sentido, no marco do PEPAC 2023-2027 en Galicia está a promoverse a formación CECRA (Certificado de Consultor Europeo en Áreas Rurais), impartida pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) para servizos de asesoramento tanto públicos como privados.

4.3. ACCESO Á TERRA

Como é coñecido, a estrutura da propiedade da terra en Galicia caracterízase pola fragmentación, tanto a nivel físico (parcelas en xeral pequenas) como de titularidade (cada propietario ten, de media, pouca superficie). Así, a superficie rústica suma algo máis de 2,82 millóns de hectáreas, que están distribuídas nuns 10,9 millóns de parcelas e algo máis de 1,7 millóns de titulares (datos do Catastro de Rústica para 2023). Dentro da propiedade privada a estrutura é dual. Por un lado, temos unhas 3.000 comunidades de montes veciñais en man común, cunha superficie media ao redor de 200 hectáreas. Pero o panorama aparece dominado polas terras de propiedade privada individual, nas que cada persoa propietaria posúe unha media de 6 parcelas que suman 1,2 hectáreas (pouco máis de 0,2 ha por parcela). Un terzo dos propietarios posúen só unha parcela, e máis da metade tres ou menos.

A fragmentación e outras características da estrutura fundiaria do rural galego –como a dispersión das fincas e as dificultades de acceso á información sobre a propiedade– fan moi laborioso para as persoas que se incorporan ao sector agrario xuntar unha superficie axeitada en cantidade e calidade. Requírese negociar con múltiples persoas, ás veces residentes en lugares distantes, por parcelas pequenas e dispersas. Ademais, a pesar da baixa demanda para usos agrogandeiros e o forte abandono nalgúns zonas, que posibilitaría teoricamente dispor de terreos, en moitas ocasións os propietarios prefiren forestar as terras e, aínda que nos últimos anos se sucederon limitacións legais ao respecto, semella que non foron efectivas en boa parte do territorio. No lado positivo, neste tipo de zonas, unha vez que se consegue unha superficie mínima sucede frecuentemente que os propietarios ceden de forma fácil as terras, moitas veces só para o seu axeitado mantemento.

Pola contra, nas áreas cunha forte presión da demanda de superficies agrarias –cada vez máis localizadas en poucas comarcas– o acceso á terra é moito máis complicado, especialmente para aqueles que pretendan comezar de cero ou con moi pouca superficie. A competencia frecuente dos usos forestais contribúe a agravar o problema.


Os problemas de acceso á terra foron salientados polas persoas incorporadas

recentemente ao sector que participaron na Xornada. Na maioría dos casos as dificultades foron para ampliar a base territorial, sobre todo con parcelas dun tamaño e a unha distancia axeitados. En particular, as explotacións de gandería extensiva precisan parcelas de maior dimensión, acusando en maior medida os condicionantes estruturais. Tamén se mencionou a competencia dos usos forestais, en especial das plantacións de eucalipto en terreos agrarios, como un problema serio para dimensionar as explotacións e, adicionalmente, por xerar externalidades negativas en parcelas de cultivo contiguas. Así mesmo, citouse a PAC como un elemento distorsionador debido ao sistema de pagos por superficie vixente, que provoca a retención de terras por persoas que, tendo cesado na produción, conservan as parcelas para percibir as axudas.

En todo caso, semella que a mobilidade das terras agrarias en Galicia, moi reducida en décadas pasadas, ten aumentado de forma notable nos últimos lustros, particularmente a través do arrendamento (gráfico 10). As superficies en arrendamento ou baixo outras formas de tenencia distintas da propiedade superan o 70% nas explotacións de máis de 20 ha de SAU, segundo o Censo Agrario de 2020. Estas cifras confirman a tendencia dos dous últimos decenios, nos que se constata como as explotacións, sobre todo as de vacún, tanto de carne como de leite, en parti-

cular aquelas con titulares máis novos, grazas fundamentalmente ao arrendamento (Corbelle Rico et al., 2016).

GRÁFICO 10. % DA SUPERFICIE AGRARIA UTILIZADA (SAU) DAS EXPLOTACIÓNS SEGUNDO O RÉXIME DE TENENCIA EN GALICIA, ESPAÑA E A UE



Fonte: Eurostat.

No referente ao mercado de terras, segundo o último informe anual sobre prezos e mobilidade da terra rustica en Galicia, no ano 2022 leváronse a cabo 58.157 operacións de compravenda, con 17.112 ha transaccionadas e un prezo medio de 1,00€/m², o que supón unha taxa de mobilidade anual (% da superficie obxecto de compravenda) do 0,85%. De acordo co referido informe,

o trienio 2020-2022 constitúe un período alcista tanto no número de operacións como na superficie transaccionada, particularmente no caso da SAU (as terras de cultivos e pastos). Así, en 2022 no conxunto de Galicia a taxa de mobilidade para a SAU teríase situado no 1,05%, cun incremento notable desde 2019 (cando foi do 0,57%). Un bo número de municipios rexistraron en

2022 taxas de mobilidade para a SAU superiores ao 2%, valor por encima do cal se considera habitualmente un mercado de terras dinámico; a escala comarcal, esta cifra foi superada nas comarcas de Meira, Ortegal, Ordes e Eume (Corbelle Rico e Ónega López, 2023).

Con todo, as barreiras no acceso á terra seguen sendo, en Galicia e en España, das máis críticas nos procesos de instalación de agricultores; aínda que a súa relevancia depende moito do itinerario da persoa que se incorpora e do contexto territorial. Así, a situación non é a mesma para alguén que se instala na explotación familiar, que conta xa con certa base territorial, que para unha persoa que pretenda comezar de cero no sector. Por outro lado, como se constata claramente no caso galego, a estrutura da propiedade e dos usos da terra, e os condicionantes da súa mobilidade, difiren moito dunhas a outras comarcas e concellos (Corbelle-Rico e López-Iglesias, 2024).

Para avanzar na análise e superación desas barreiras a nivel español, o MAPA promoveu un grupo de traballo sobre o tema (*Grupo Focal de Acceso a la Tierra*). O seu informe final reflexiona sobre aspectos clave e identifica posibles mecanismos para mitigar as rixideces no acceso á terra (MAPA, 2021). As conclusións céntranse nos seguintes aspectos:

- A importancia dunha política de acceso á terra que apoie a renovación xeracional na agricultura.

- A necesidade de actualizar o marco regulatorio e adaptalo á situación actual.

- As melloras fiscais e financeiras necesarias para facilitar o acceso dos mozos á terra.

- O papel das axudas, a formación e o asesoramento dos mozos no proceso de asentamento e acceso á terra.

- As ferramentas de información sobre o mercado da terra e a conexión entre oferta e demanda.

Recentemente, o *Grupo de Trabajo de Movilización de Tierras Agrarias Infrautilizadas* afondou nesa liña de traballo (MAPA, 2024a). O certo é que, máis alá dos documentos, nos últimos lustros teñen xurdido en España diversas iniciativas para mellorar a mobilidade de terras en xeral e, particularmente, para apoiar as persoas que inician a actividade agraria. Nestas iniciativas Galicia constitúe un exemplo relevante, se non o máis destacado.

O Banco de Terras de Galicia, creado en 2007 e hoxe integrado na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, é un mecanismo salientable no panorama estatal. Se ben a superficie xes-

tionada polo mesmo supón até agora unha proporción moi cativa da superficie agraria do país (menos do 1%), trátase dun recurso relevante nas áreas nas que conta con parcelas, que tenden a concentrarse nas parroquias nas que se executaron procesos de reorganización parcelaria. Ademais, o Banco de Terras é un mecanismo clave na aplicación dos instrumentos de mobilización produtiva das terras abandonadas postos en marcha desde 2021 pola Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia, como as [Aldeas Modelo](#) ou os [Polígonos Agroforestais](#). Estes instrumentos son tamén de gran interese potencial para facilitar o acceso á terra a persoas que se instalen na agricultura. De feito, a pesar da súa limitada aplicación até agora, ese foi o caso en varios dos proxectos xa impulsados pola Consellería do Medio Rural. Nesa mesma lei regúlase o [Banco de Explotacións de Galicia](#), que comezou a andar recentemente e que ten como obxectivo facilitar a transferencia extra-familiar de explotacións agrarias que carecen de relevo xeracional.

Ademais, existen en Galicia outras iniciativas, de ámbito máis local e desenvolvidas por diversos tipos de entidades, que tratan de facilitar a mobilidade de terras. Atopamos aquí iniciativas de Grupos de Desenvolvemento Rural (como a iniciativa Aterra do GDR Limia-Arnoia ou o proxecto

Nó Rural, impulsado pola cooperación de cinco GDR galegos), de cooperativas (como a cooperativa de horta Hortal ou a Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, centrada no vacún de leite) e doutro tipo de entidades (como a iniciativa Epona Terra no entorno da cidade de Vigo), polo xeral a pequena escala.

O proxecto do Grupo Operativo TERRACTIVA, presentado por Nieves Pérez durante a Xornada, realizou unha [escolma de iniciativas inspiradoras](#) na facilitación do acceso á terra, tanto en Galicia como noutros países e rexións europeas. Neste último grupo salientou experiencias de Irlanda, Francia e Portugal, que comentamos brevemente polo interese que poden ter.

O *Land Mobility Service (LMS)* irlandés ocúpase de facilitar diferentes tipos de acordos que implican a transferencia de explotacións e/ou terras ou a creación de novas fórmulas colaborativas para a súa xestión. O proceso de facilitación e apoio que segue comprende sete fases: 1) concienciación dos potenciais interesados, recepción e categorización de solicitudes e asignación de persoal técnico facilitador; 2) explicación do servizo á persoa interesada; 3) acordo de colaboración co LMS e exploración das opcións existentes para o caso particular (neste momento aplícase unha tarifa de unión ao servizo); 4) identi-

ficación de persoas novas entrantes e guía no proceso de selección para ambas partes, dun xeito confidencial; 5) esbozo do plan de xestión; 6) formalización legal dos acordos; 7) apoio na aplicación dos acordos e do plan de xestión.

O caso francés é de referencia na UE. Por unha banda, as Sociedades de Xestión Fundiaria e Establecemento Rural (SAFER) son, no contexto europeo, un dos instrumentos de xestión das estruturas agrarias de maior tradición e impacto e teñen sido determinantes para facilitar os procesos de incorporación agraria desde a súa aparición, a comezos da década de 1960. Así, entre outras tarefas, as SAFER actúan de intermediarias entre vendedores e compradores de terras, melloran as estruturas agrarias e desempeñan un papel regulador no mercado de terras agrarias. En 2021 as SAFER venderon 41.400 ha a agricultores que se instalaron, un total de 1.740, estando un 72% das instalacións apoiadas fóra do ámbito familiar. Case un 15% desa superficie dedicouse a proxectos de agricultura ecolóxica. Nese mesmo ano estableceron uns 7.400 acordos de cesión con propietarios privados e públicos, poñendo así 100.100 ha de superficie agraria a disposición de agricultores e agricultoras. Tamén en Francia, *Terre de Liens* é unha federación de 19 asociacións implantadas en todo o territorio, que teñen como unha das súas actividades principais

o apoio a proxectos de adquisición de terras e de atracción de novas persoas ao sector agrario. A federación conta no seu conxunto con máis de 38.000 membros, e ten adquirido máis de 8.000 ha de terra agraria que pon a disposición de novas persoas agricultoras en máis de 300 explotacións.

Pola súa banda, a Bolsa Nacional de Terras en Portugal é un instrumento xestionado polo Ministerio de Agricultura, a través da Dirección-Geral de Agricultura e Desenvolvemento Rural. A Bolsa permite dispoñibilizar terreos para aluguer, venda ou outro tipo de transferencia cando non están en uso. Porén, ten unha intervención de pouca intensidade, de modo que na maior parte das ocasións a Bolsa de Terras non interfere no proceso de negociación entre as partes, limitándose a facilitar a correspondencia entre oferta e demanda.

Moitas das iniciativas e recomendacións relacionadas co acceso á terra ás que acabamos de referirnos están recompiladas en guías publicadas recentemente, das que citamos as tres de maior interese: *Nova pagesia. Guia pràctica per facilitar l'accés a la terra a emprenedors agraris* (Callau i Berenguer et al., 2024); *Tierra firme. Guía para empezar en el sector agrario* (MAPA, 2024b); *Aterrando no sector agrario: como apoiar ás persoas novas entrantes no acceso á terra?* (Ónega et al., 2024), elaborada polo mencionado Grupo Operativo TERRACTIVA.

4.4. OUTROS CONDICIONANTES DA INSTALACIÓN AGRARIA

Un elemento que habitualmente se menciona como limitante nos procesos de instalación agraria é o financiamento e acceso ao crédito. Porén, a información dispoñible semella relativizar tal afirmación. Por unha banda, ningunha das experiencias de incorporación presentes na Xornada o citaron coma un problema relevante. Na mesma liña, desde a perspectiva das entidades financeiras, Ignacio Pérez Cid, Coordinador de Análise de Riscos de ABANCA, salientou a solvencia xeral do sector agrario galego, que é un dos ámbitos económicos con menores taxas de mora. Na súa opinión, o acceso ao crédito non está a representar un atranco no desenvolvemento dos proxectos empresariais no sector e as axudas á instalación existentes son un apoio importante.

Cabería esperar a priori que a situación difira en función do itinerario de cada persoa e que as dificultades financeiras sexan maiores naqueles casos nos que a instalación é extra-familiar ou ex novo; fronte ao que sucede na sucesión familiar clásica, na que as persoas mozas contan de partida co patrimonio e apoio familiar. Porén, a análise realizada polo Grupo Operativo TERRAC-TIVA constatou que, no ranking de barreiras no proceso de incorporación de novos entrantes, o financiamento inicial

sitúase na oitava posición dun total de doce limitantes identificados. As persoas entrevistadas asignáronlle bastante menos importancia que a outros obstáculos como a burocracia, as dificultades técnicas e de xestión iniciais ou elementos do contexto territorial e social (como o acceso a vivenda e servizos básicos) (ver gráfico 9).

En cambio, algúns dos participantes na mesa de experiencias recentes de incorporación a explotacións agrarias na Xornada criticaron a configuración actual das axudas da PAC, amosando preferencia por unha mellor remuneración dos seus produtos polo mercado no canto de axudas á renda.

A burocracia e complexidade normativa asociada á actividade agraria foi un aspecto salientado en diferentes ocasións ao longo da Xornada, sendo identificado como un limitante relevante. As persoas que se están iniciando no sector resaltaron os atrancos normativos que enfrontan e a idea de que o marco legal se define desde o descoñecemento da realidade. En rigor, a análise do que representa hoxe unha explotación agraria leva a comprender que se configure unha realidade administrativa e burocrática complexa: trátase dunha actividade que abrangue numerosos ámbitos, moitos deles regulados, polo que é difícil coñecer todas as normativas e obriga a pasar por múltiples trámites e departamentos administrativos diferentes, tanto para obter información

como para xestionar permisos e licenzas. Así, están implicadas cuestións relacionadas con aspectos económicos e fiscais, outras con normativas ambientais e de manexo da terra, auga e recursos naturais, con cuestións urbanísticas, de benestar e saúde animal, trazabilidade, comercialización, lexislación laboral, ...

En certa medida, a complexidade normativa é algo intrínseco á propia actividade agraria. Pero, asumindo iso, as administracións públicas deben esforzarse en establecer un marco administrativo sensato, ordenando, dándolle coherencia e simplificando na medida do posible a normativa, e sobre todo o número de xestións diferentes a realizar. Na actualidade, para alguén que comeza a súa actividade nunha explotación agraria e que non é consciente de toda a normativa e aspectos administrativos que ten que considerar, resulta difícil atopar quen o informe de forma integral e sostida no tempo.

O apartado da comercialización tamén se mencionou como un atranco, en particular para as novas producións nas que é difícil acadar a masa crítica suficiente para entrar no mercado, sexa cos volumes propios ou en cooperación con outros produtores. Polo tanto, trátase doutra cuestión na que traballar no futuro.

4.5. OPORTUNIDADES

Ao lado dos retos e dificultades que condicionan o relevo xeracional no sector agrario galego, hai que destacar fi-

nalmente as oportunidades existentes no sector, en concreto para a poboación moza. Galicia é un territorio cun enorme potencial agrario por aproveitar. Por unha banda, o propio proceso de axuste no último medio século, que provocou unha forte regresión relativa do sector, deu lugar, como contrapartida, á existencia hoxe de moitos recursos ociosos con potencial produtivo.

Entre eses recursos hai que citar nun lugar destacado a terra. Un estudo recente de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo estima en algo máis de cincocentas mil hectáreas as superficies con aptitude agraria actualmente abandonadas ou infrautilizadas. A súa posta en produción, tendo en conta a aptitude potencial, podería dar lugar á creación de case 10.000 empregos directos (Corbelle-Rico et al., 2022) (cadro 8).

Adicionalmente, segundo os datos do Censo Agrario de 2020, as explotacións agrarias con xefes de explotación maiores de 55 anos xestionan algo máis de 200.000 hectáreas. Con toda probabilidade, unha parte destas terras están en vías de ficar sen uso ou de adicarse a usos non agrarios. Esa situación transcende o recurso terra. Como vimos no primeiro apartado, entre o 40% e o 50% das explotacións agrarias en Galicia cunha produción anual superior a 50.000 € teñen á súa fronte xefes de explotación con 55 ou máis anos. Estas cifras debuxan un escenario no que un importante volume de recursos produtivos (terras, mais tamén instalacións,

maquinaria, equipamentos...) poderían quedar liberados no curto prazo, como xa veu acontecendo nas últimas décadas, pero neste caso en unidades de produción ben dimensionadas.

Ao tempo, as oportunidades de acceder a eses recursos melloran a medida que xorden mecanismos, sobre todo desde o ámbito público pero tamén desde o privado, que facilitan a súa transferencia ás persoas que se incor-

poran á agricultura. Neste senso xa se mencionaron os contemplados na Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia así como outras iniciativas a escala comarcal ou local.

O documento [Guía para apoiar as persoas novas entrantes na agroecoloxía](#), elaborado polo Grupo Operativo TERRACTIVA, fai un repaso dos instrumentos de apoio á incorporación na actividade agraria existentes hoxe en

CADRO 8. ESTIMACIÓN DO IMPACTO ECONÓMICO E NO EMPREGO QUE XERARÍA A RECUPERACIÓN DAS TERRAS AGRARIAS ABANDONADAS EN GALICIA

	Unidades	Impacto
Superficie	Area (ha)	512.308
Impacto directo	Produción (millóns de €)	611,3
	VAB (millóns de €)	342,7
	emprego (nº)	9.168
Impacto Galicia	Produción (millóns de €)	1.053,5
	VAB (millóns de €)	482,9
	emprego (nº)	15.387

Fonte: Corbelle-Rico et al. (2022).

Galicia, incluíndo, ademais dos que poden facilitar o acceso á terra, outros que cobren aspectos tamén importantes xa mencionados neste texto (formación e asesoramento, acompañamento integral, apoio técnico, etc.). Ao respecto cabe mencionar que nos

últimos anos comezou a configurarse en Galicia un ecosistema emerxente de apoio á incorporación na agricultura que, previsiblemente e de consolidarse, pode contribuír de modo relevante á remuda xeracional no sector.

Só nese caso será posible aproveitar

o potencial agrario e agroalimentario de Galicia que, na opinión de José Manuel Andrade, Director da Fundación Juana de Vega e ponente na Xornada, ofrece oportunidades tanto en ramas ou sectores maduros como noutros aínda incipientes. En concreto, Andrade apuntou o bo momento, en termos relativos, que vive o sector de vacún de leite, así como as oportunidades de diferenciación no bovino de carne. Tamén o percorrido interesante que existe para outras producións gandeiras extensivas, como o ovino-cabrún ou o porco celta, que valoricen atributos de calidade asociados aos seus modelos de produción. Destacou asemade a enorme marxe de incremento na horta, fruticultura (incluídos pequenos froitos) e planta ornamental.

Asociado a esas diferentes ramas ou producións, existen importantes oportunidades para desenvolver actividades de prestación de servizos ás explotacións agrarias.

En conxunto, a pesar das dificultades, os participantes na Xornada coincidiron na valoración de que o sector agrario galego é unha actividade con futuro, especialmente pola dispoñibilidade de recursos produtivos nun contexto internacional caracterizado polo forte crecemento da demanda de alimentos. Neste senso, cabe salienta sobre todo a visión e as experiencias prácticas das persoas incorporadas recentemente ao sector que participaron na reunión, cuxos relatos deixaron claramente unha mensaxe esperanzadora para o futuro.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Callau i Berenguer, S., Monllor, N., Roca, A. (2024). *Nova pagesia. Guia pràctica per facilitar l'accés a la terra a emprenedors agraris*. Diputació de Barcelona, Barcelona.
- Comisión Europea (2025). *COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL PARLAMENTO EUROPEO, AL CONSEJO, AL COMITÉ ECONÓMICO Y SOCIAL EUROPEO Y AL COMITÉ DE LAS REGIONES. Una visión de la agricultura y la alimentación: configurando juntos un sector agrícola y agroalimentario atractivo para las generaciones futuras*. COM(2025) 75 final. <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52025DC0075>
- Corbelle Rico, E., Enríquez García, M.J., Ónega López, Q., Crecente Maseda, R. (2016). *Un enorme bazar. O mercado de terras en Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Corbelle Rico, E., Ónega López, Q. (2023). *Informe anual sobre prezos e mobilidade da terra rústica en Galicia 2023*. Observatorio Galego de Mobilidade de Terras. Consellería do Medio Rural. https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/Observatorio/informe_anual_prezos_mobilidade_terras_2023.pdf
- Corbelle-Rico, E., López-Iglesias, E. (2024). Farmland Abandonment and Afforestation—Socioeconomic and Biophysical Patterns of Land Use Change at the Municipal Level in Galicia, Northwest Spain. *Land*, 13(9), 1394.
- Corbelle-Rico, E., Sánchez-Fernández, P., López-Iglesias, E., Lago-Peñas, S., Da-Rocha, J.M. (2022). Putting land to work: An evaluation of the economic effects of recultivating abandoned farmland. *Land Use Policy*, 112, 105808.
- Creaney, R., Hasler, H., Sutherland, L.A. (2023). What's in a name? Defining new entrants into farming. *Eurochoices*, vol 23, 1.
- European Commission (2015). *Young farmers and the CAP*. Luxembourg: Publications Office of the European Union. https://noaw2020.eu/wp-content/uploads/2017/05/KF0214706ENC_002-Young-Farmers-and-CAP-English.pdf
- European Commission (2016). *EIP AGRI Focus Group Final Report. New entrants into farming: lessons to foster innovation and entrepreneurship*. https://eu-cap-network.ec.europa.eu/publications/eip-agri-focus-group-new-entrants-final-report_en
- European Commission (2021). COMMISSION STAFF WORKING DOCUMENT. *Evaluation of the impact of the CAP on generational renewal, local development and jobs in rural areas*. Brussels, 8.4.2021 SWD(2021) 78 final. https://agriculture.ec.europa.eu/system/files/2021-04/ext-eval-cap-gene-renewal-study-report_2021_en_0.pdf
- European Commission (2023). REPORT FROM THE COMMISSION TO THE EUROPEAN PARLIAMENT AND THE COUNCIL. *Summary of CAP Strategic Plans for 2023-2027: joint effort and collective ambition*. COM(2023) 707 final. <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/?uri=celex:52023DC0707>
- European Commission (2024). *Special Eurobarometer 556 – Europeans, Agriculture and the CAP*. <https://europa.eu/eurobarometer/surveys/detail/3226>

López Iglesias, E. (2019). O sector agrario e agroalimentario en Galicia; balance das transformacións desde a integración europea, 1986-2016. *Revista Galega de Economía*, 28(3), 1-20.

MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación) (2021). *Estudio sobre el acceso a la tierra*. Documento Final del Grupo Focal de Acceso a la Tierra. https://www.mapa.gob.es/dam/mapa/contenido/desarrollo-rural/jovenes-rurales/grupo-focal-de-acceso-a-la-tierra/grupo_focal_digital_.pdf

MAPA (2024a). *Documento de síntesis del Grupo de Trabajo de Movilización de Tierras Agrarias Infrautilizadas*. https://www.mapa.gob.es/dam/mapa/contenido/desarrollo-rural/jovenes-rurales/acceso-a-la-tierra/gtmtai_vf_def.pdf

MAPA (2024b). *Tierra firme. Guía para empezar en el sector agrario*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Secretaría General Técnica, Madrid.

Ónega López, Q., Pérez Rodríguez, N., Fernández Villar, G., López Colmenero, E. (2024). *Aterrando no sector agrario: como apoiar ás persoas novas entrantes no acceso á terra?* Grupo Operativo TERRACTIVA, Lugo. https://terractiva.es/images/PDF/2.4%20Como%20apoiar_compressed.pdf

Shucksmith, M. (2010). *How to promote the role of youth in rural areas of Europe?* European Parliament's Committee on Agriculture and Rural Development. [https://www.europarl.europa.eu/RegData/etudes/note/join/2010/438620/IPOL-AGRI_NT\(2010\)438620_EN.pdf](https://www.europarl.europa.eu/RegData/etudes/note/join/2010/438620/IPOL-AGRI_NT(2010)438620_EN.pdf)

Tribunal de Cuentas Europeo (TCE) (2017). *El apoyo de la UE a los jóvenes agricultores debería estar mejor orientado a favorecer un relevo generacional eficaz*. Informe especial n.º 10. Oficina de Publicaciones. <https://data.europa.eu/doi/10.2865/69946>.

Documentos publicados

44/2025-

O relevo xeracional no sector agrario galego; retos e oportunidades.

43/2025-

La desconfiguración del orden mundial y los aranceles: efectos sobre la economía de Galicia.

42/2025-

V Foro Tecnológico. IA Na SAÚDE

41/2024-

O impacto económico para Galicia da extensión dos sistemas de concerto.

40/2023-

Potencial de Galicia no sector das tecnoloxías lingüísticas.

39/2023-

O Sector Cárnico en Galicia. Propostas para o futuro.

38/2023-

O desenvolvemento da Intelixencia Artificial en Galicia: están preparadas as empresas galegas?.

37/2022-

O futuro da Agricultura Ecolóxica galega no marco do Pacto Verde Europeo.

36/2022-

Unha estratexia en IA para a empresa galega.

35/2022-

A reforma que a Administración necesita: propostas para o SXXI.

34/2022-

A reforma do sistema de financiamento: unha perspectiva dende Galicia.

33/2021-

A economía social como modelo de desenvolvemento para Galicia.

32/2021-

Fuga de talento en Galicia ¿mito o realidade?.

31/2020-

O monte galego do Século XXI.

30/2020-

El sector Fintech: propuesta para desarrollar un HUB en Galicia.

29/2020-

Innovación y Tecnologías Inteligentes.

28/2019-

Infraestructuras Viarias: Inversión y Tarificación.

Documentos descargables en:

<http://www.foroeconomicodegalicia.es>

27/2019 -

Planificación e proxección do sector vitivinícola de Galicia:
Realidade, desafíos e retos.

26/2018 -

Os retos para a Galicia do Século XXI.
No sistema europeo de transporte marítimo-terrestre.

25/2018 -

El impacto de la reestructuración bancaria sobre la concentración
y la exclusión financiera en España y Galicia.

24/2018 -

Turismo Rural: diagnose e propostas.

23/2018 -

Diagnóstico actual e propostas de futuro para a dixitalización.
en Galicia.

22/2017 -

Unha estratexia para a Galicia rural do século XXI.
Diagnóstico e propostas para o debate.

21/2017 -

Unha estratexia industrial para Galicia.

20/2017 -

Desafíos dunha sociedade avellentada e en declive: desequilibrios
territoriais e prestación de servizos.

19/2017 -

Galicia diante da reforma do sistema de financiamento autonómico.

18/2016 -

Novas demandas para o rural galego.

17/2016 -

A I+D+i Empresarial en Galicia: Dez mensaxes e unha proposta.

16/2016 -

Galicia, a perspectiva internacional.

15/2016 -

La formación profesional dual en España.

14/2016 -

O capital risco e outras fontes alternativas de financiamento das empresas
galegas.

13/2015 -

O Complexo Lácteo Galego nun mercado liberalizado. Extratexias e políticas
ante a desaparición do sistema de cotas na UE.

12/2015 -

Sobre o risco de estancamento na economía Europea.

11/2015 -

Os cambios no modelo territorial: o seu impacto fiscal en Galicia.

10/2015 -

O sector forestal en Galicia: problemática actual e perspectivas futuras.

9/2014 -

Desequilibrio exterior, modelo competitivo y recuperación económica.

8/2014 -

Galicia: bases para una estrategia marca-país y líneas de trabajo para su acción exterior.

7/2014 -

¿Qué futuro demográfico nos agarda e como pode incidir no noso benestar?.

6/2013 -

Internacionalización, políticas y crecimiento.

5/2013 -

Mejorando la Eficiencia de la Política de infraestructuras.

4/2013 -

O fondo de compensación interterritorial: Unha proposta desde Galicia.

3/2013 -

O sector alimentario en Galicia: desafíos e oportunidades. Cales deben ser as prioridades?.

2/2013 -

Análisis y propuestas para una estrategia de futuro para el sector naval en Galicia.

1/2013 -

Chaves para o aproveitamento marítimo -Portuario- Loxístico de Galicia.

Documentos do Foro Económico de Galicia


Un dos obxectivos fundamentais do Foro é poñer á disposición da Sociedade unha colección de documentos onde se conxuga a análise da situación actual con propostas de cambio e mellora. Os documentos pretenden contribuir a enriquecer o debate público en materia económica en Galicia. A responsabilidade de cada documento é das persoas que o asinan. O Foro só asume a responsabilidade sobre os documentos consensuados e asinados polo colectivo. O editor dos documentos é o membro nato do Foro, José Francisco Armesto Pina.

A large, light blue, semi-circular graphic with a pattern of dots of varying sizes, creating a halftone effect, positioned on the left side of the page.

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS



O RELEVO XERACIONAL NO SECTOR AGRARIO GALEGO;
RETOS E OPORTUNIDADES

DOCUMENTO 44 / 2025

EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS
FRANCISCO ÓNEGA LÓPEZ
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA